XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CEIP MESTRE VIDE

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/

galicia



# MEMORIA.

**CURSO 2021/2022** **CEIP MESTRE VIDE**

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/



# Contenido

**1.- INTRODUCCIÓN ..... 4**

**2.- SITUACIÓN E MARCO SOCIAL ..... 4**

**3.- INFRAESTRUCTURA ..... 4**

**4.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA: ..... 6**

4.1.- ORGANIGRAMA ..... 6
4.2.- HORARIOS: ..... 7
*4.2.1.- QUENDAS DE PROFESORES NOS RECREOS ..... 8*
*4.2.2.- RECEPCIÓN AOS PAIS ..... 10*

**5.- TIPOLOXÍA ESCOLAR ..... 10**

5.1.- UNIDADES ..... 10
5.2.-PROFESORADO ..... 10
5.3 PERSOAL ADMINISTRATIVO E DE SERVICIOS ..... 12
*COIDADORAS: ..... 12*
*CONXERSES ..... 12*
*ADMINISTRATIVA: ..... 12*
*PERSOAL DE LIMPEZA ..... 12*
5.4.- ALUMNADO ..... 13
*E. INFANTIL ..... 13*
*E. PRIMARIA ..... 13*

**6.- ÓRGANOS DE GOBERNO ..... 13**

6.1.- Unipersoais ..... 13
6.2.- Colexiados ..... 14
*6.2.1.- CONSELLO ESCOLAR ..... 14*
*6.2.2.- CLAUSTRO ..... 16*

**7.- ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DOS ALUMNOS (A.P.N.A.): ..... 16**

**8.- DATAS DE AVALIACIÓN- ENTREGA DE NOTAS- REUNIÓNS DO CLAUSTRO- REUNIÓNS DO CONSELLO ESCOLAR. ..... 16**

8.1. DATAS DE AVALIACION ..... 16
8.2. ENTREGA DE BOLETÍNS ..... 17
8.3. REUNIÓNS DO CLAUSTRO ..... 17
8.4. REUNIÓNS DO CONSELLO ESCOLAR ..... 17

**9.- PROXECTO DIDÁCTICO PEDAGÓXICO ..... 17**

**10.- MEMORIA DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: ..... 18**

10.1.MEMORIA DE EDUCACIÓN INFANTIL 2021-2022 ..... 18
10.2. MEMORIA DE EDUCACIÓN PRIMARIA 2021-2022 ..... 27
*10.2.1. PRIMEIRO CURSO ..... 27*
*10.2.2. SEGUNDO CURSO ..... 29*
*10.2.3. TERCEIRO CURSO ..... 38*
*10.2.4. CUARTO CURSO ..... 51*
*10.2.5. QUINTO CURSO ..... 60*
*10.2.6. SEXTO CURSO ..... 67*
10.3.- MEMORIA DA LINGUA INGLESA ..... 74

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


*EDUCACIÓN INFANTIL* ........ *74*
*EDUCACIÓN PRIMARIA* ........ *75*
*BILINGÜISMO* ........ *82*
10.4.- MEMORIA DA EDUCACIÓN MUSICAL ........ 83
10.5.-MEMORIA EDUCACIÓN FÍSICA........ 84
10.6.-MEMORIA DE RELIXION CATOLICA........ 92
10.7.- MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN........ 95
10.8.- MEMORIA DAS AULAS DE PEDAGOXÍA TERAPEUTICA ........ 102
*AULA 1* ........ *102*
*AULA 2* ........ *103*
*AULA 3* ........ *105*
*AULA 4* ........ *107*
*Profesora ARCO* ........ *107*
*Profesora PROA +:* ........ *109*
*Atención domiciliaria.* ........ *112*
10. 9.- MEMORIA DAS AULAS DE AUDICIÓN E LINGUAXE ........ 112
10.10.- MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA........ 118
10.11.- MEMORIA DA BIBLIOTECA ESCOLAR........ 126
10.12.- MEMORIA DAS T.I.C........ 130
10.13- MEMORIA ERASMUS+ CURSO 2021/2022 ........ 132
*A. PROXECTO DE CORTA DURACIÓN K122* ........ *132*
*B. ACREDITACIÓN ERASMUS+ 2021/2027* ........ *134*
10.14.- MEMORIA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAEXCOLARES ........ 136
10.15.- MEMORIA DA FORMACIÓN DO PROFESORADO........ 137
10.16- MEMORIA DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA ........ 138
**11. APARTADO ECONÓMICO: ........ 139**

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


## 1.- INTRODUCCIÓN

O curso 2021-2022 que está a rematar, seguiu resultando complicado, coma o anterior, xa que tivemos que seguir adaptándonos aos Protocolos Anti Covid. Durante os dous primeiros trimestres do curso seguimos cos grupos burbulla, a separación nos patios do alumnado das distintas clases e demáis ordes deste protocolo tal e como e quedou recollido nun documento aprobado polo Claustro e o Consello do centro. Durante o terceiro trimestre poidemos relaxar esas medidas e nos patios e nas excursións xa se mezclou o alumnado do mesmo nivel ainda que foran de clases distintas.

## 2.- SITUACIÓN E MARCO SOCIAL

O Colexio Público **"MESTRE VIDE"** atópase no barrio das "Lagoas", ben comunicado e moi próximo ao centro urbano.
No barrio abundan os centros educativos de distintos niveis, dispoñendo de diversos servicios culturais e de lecer. Nesta zona non existen problemas de marxinación acusada ou de conflicto social, nin características culturais diferenciadoras con respecto ao resto da cidade.

## 3.- INFRAESTRUCTURA

O Colexio encóntrase ubicado nun solar dunha superficie aproximada duns 6.000 $m^2$. O edificio principal ten unha superficie edificada duns 2.727 $m^2$, consta de planta baixa e de tres plantas altas ás que se accede por dúas escaleiras. Rodeando o edificio encóntranse dous patios, un situado ao NW.e outro o SE.; tamén existe outro patio cuberto de aproximadamente uns 280 $m^2$, así como algunhas pequenas zonas axardinadas.

A distribución do edificio escolar é a seguinte:

PLANTA BAIXA

Dirección.
Secretaría.
Conserxería.
Servicios.
Sala caldeiras e calefacción.
Sala de Arquivos.
Este ano por mor do PROTOCOLO ANTI COVID e durante os dous primeiros trimestes,
O comedor da planta baixa, só deu servicio ao alumnado de Infantil.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


A Aula de Música estivo destinada á zona de confinamento dos posible gromos. A Biblioteca, que se atopa no patio cuberto, tamén fixo as funcións de comedor para os alumnos de 5º e 6º.

A partires de maio, tanto a biblioteca coma a aula de música recuperaron as súas funcións normais porque o alumnado de 5º e 6º pasou ao comedor do salón de actos

PRIMEIRA PLANTA

Infantil 3 anos A e B, 4 anos A e B, 5 anos A e B.
Departamento de Orientación.
Sala do Profesorado.
Servicios de alumnado e profesorado.
Aula de Psicomotricidade de E. Infantil.

SEGUNDA PLANTA

Aulas de de Primaria:1º A, B; 2º A, B e C, 4º A e B.
Aula de Audición e Linguaxe.
Aula de Pedagoxía Terapéutica (PT 2)
Despacho Xefa de Estudios.
Despacho da Mentora do Plan Dixital
Servicios de alumnado e profesorado.
Cuarto cuidadoras.

TERCEIRA PLANTA:

Aulas de de Primaria: 3º A e B, 5º A e B, 6º A e B.
Aula de informática.
Aula de Educación Especial (PT 1).
Aula de Educación Especial (PT 3).
Aula de Relixión.
Servicios de alumnado e profesorado.

Tanto na planta baixa como nas demáis plantas existen botiquíns.

Tamén hai en todas elas, unha habitación de servicio para gardar os útiles da limpeza.

CONSTRUCCIÓN ANEXA AO EDIFICIO ESCOLAR:

Na entrada principal do Colexio, atópase unha soa construcción distribuida do seguinte xeito:

Salón de usos múltiples, que este curso serviu de comedor para o alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º (a partires de maio tamén de 5º e 6º).

Vestiario profesor de Ed. Física.
Servicios.
Almacén de material deportivo.
Polideportivo, onde se impartiron clases de Educación Física de Primaria e tamén serviu de patio de recreo para os grupos de 2º, 3º e 4º de Primaria.
Vestiarios do alumnado.
Servicios con duchas.
Almacén de material.

## 4.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA:

### *4.1.- ORGANIGRAMA*




**CONSELLO ESCOLAR**

Comisión económica.
Comisión para a admisión do alumnado.
Comisión de disciplina e convivencia.
Comisión de Urxencia.

**CLAUSTRO DE PROFESORES:**

Propietarios definitivos e provisionais: 34.

**EQUIPO DIRECTIVO:**

Director.

Xefa de estudios.

Secretaria.

***4.2.- HORARIOS:***

As actividades escolares lectivas realizáronse de luns a venres durante cinco horas diarias. No Colexio estivo implantada a xornada única de mañá.

Debido ao Protocolo Anti Covid, os horarios de entrada, saída e recreo e tamén os accesos ao centro seguiron coma no curso anterior:

O alumnado de 4ª A e B de Infantil entraron pola porta do patio Norte ás 9:10 e saíron pola mesma porta ás 13:40; fixeron o recreo nunha parte sinalizada nese mesmo patio(agás os días de chuvia que tiveron que quedar nas súas clases) das 12:00 ás 12:30.

O alumnado de 5º A e B de Infantil entraron pola porta lateral do centro ás 9:10 e saíron pola mesma porta ás 13:40; fixeron recreo nunha parte sinalizada do patio de columnas das 12:00 ás 12:30, os días de chuvia repartíronse a zona cuberta deste patio.

O alumnado de 6º A e B de Infantil entraron pola porta do patio Sur ás 9:10 e saíron pola mesma porta ás 13:40; fixeron o recreo nunha parte sinalizada nese mesmo patio (agás os días de chuvia que tiveron que quedar nas súas clases) das 12:00 ás 12:30.

O alumnado de 1º A e B de Primaria entraron pola porta do patio Norte ás 9:00 e saíron pola mesma porta ás 14:00; fixeron o recreo nunha parte sinalizada do patio de columnas, os días de chuvia repartíronse a zona cuberta deste patio) das 11:30 ás 12:00.

O alumnado de 2º A, B e C de Primaria entraron pola porta lateral do centro ás 9:00 e saíron pola mesma porta ás 14:00; fixeron o recreo nunha parte sinalada do patio Norte ou noutra parte tamén asignada de antemán do Polideportivo (rotaban de xeito que dúas semanas seguidas estaban dentro do polideportivo e outra estaban fóra; se chovía cando lles tocaba fóra, tiñan que quedar na clase agás que houbera espacio dentro do polideportivo) das 11:30 ás 12:00.

O alumnado de 3º A e B de Primaria entraron pola porta do patio Sur ás 9:00 e saíron pola mesma porta ás 14:00; fixeron o recreo nunha parte sinalada do patio

Norte ou noutra parte tamén asignada de antemán do Polideportivo (rotaban de xeito que dúas semanas seguidas estaban dentro do polideportivo e outra estaban fóra; se chovía cando lles tocaba fóra, tiñan que quedar na clase agás que houbera espacio dentro do polideportivo) das 11:30 ás 12:00.

O alumnado de 4º A e B de Primaria entraron pola porta do patio Norte ás 8:50 e saíron pola mesma porta ás 13:50; fixeron o recreo nunha parte sinalada do patio Norte ou noutra parte tamén asignada de antemán do Polideportivo (rotaban de xeito que dúas semanas seguidas estaban dentro do polideportivo e outra estaban fóra; se chovía cando lles tocaba fóra, tiñan que quedar na clase agás que houbera espacio dentro do polideportivo) das 11:30 ás 12:00.

O alumnado de 5º A e B de Primaria entraron pola porta lateral do centro ás 8:50 e saíron pola mesma porta ás 13:50; fixeron o recreo nunha parte sinalizada do patio Sur durante unha semana e á seguinte fixérono noutra parte tamén sinalada de antemán do pabellón da Casa da Xuventude (se chovía cando lles tocaba fóra, tiñan que subir ás clases).

O alumnado de 6º A e B de Primaria entraron pola porta do patio Sur ás 8:50 e saíron pola mesma porta ás 13:50; fixeron o recreo nunha parte sinalizada do patio Sur durante unha semana e á seguinte fixérono noutra parte tamén sinalada de antemán do pabellón da Casa da Xuventude (se chovía cando lles tocaba fóra, tiñan que subir ás clases).

### 4.2.1.- QUENDAS DE PROFESORES NOS RECREOS

Como xa quedou recollido con anterioridade, debido aos Protocolos Anti Covid houbo que modificar todas as zonas de recreo para que cada clase fora un grupo burbulla e non se mezclaran con outras durante o tempo de recreo, nin tampouco nos pasillos do centro ás horas de subidas e baixadas.

Todos os días os profesores encargáronse de vixiar os recreos: houbo quendas de rotación de tal forma que todo o profesorado vixiou as cinco xornadas lectivas. O número de profesores de cada quenda nos recreos dos patios foi a seguinte:

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/



| | **PRIMARIA** | | | **INFANTIL** | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **A** | **B** | | **A** | **B** |
| **Pavillón Casa Xuventude** | Titora 5ºA | Educación Física 1 | | | |
| **Patio zona Sur** | Titor 6º A | Titora 6º B | | Titora 6º A Inf | Titora 6º B Inf |
| **Baños traseiros** | Pt 1 | AL 1 | | Relixión 1/2 | PT 3 |
| **Patio Columnas** | Titora 1º A<br>Inglés 2 | Titora 1º B<br>Inglés 1 | | Titora 5º A Inf<br>Orientadora | Titora 5º B Inf<br>PT 4 |
| **Baños polideportivo** | Música | PT 2 | | | |
| **Patio zona Norte** | Titora 2º C<br>Titora 3º A<br>Titora 4º A | Titora 2º B<br>Titora 3º B<br>Titora 4º B | | Titora 4º A Inf<br>Apoio Inf. 2 | Titora 4º B Inf<br>Apoio Inf. 1 |
| **Polideportivo** | A.L. 2 | Educación Física 2 | | | |

Un día vixíabase o patio e ao seguinte estábase de guardia por si faltaba o compañeiro ou compañeira.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/



#### 4.2.2.- RECEPCIÓN AOS PAIS

Debido a que seguimos cos Protocolos Anti Covid, durante este curso non foi posible recibir aos país e nais do alumnado no centro, as titorías fixéronse de xeito telemático ou telefónico. Ao final do curso, ao ir mellorando a situación sanitaria, sí que se fixo alguna titoría presencial despois de que solicitaran cita previa.

## 5.- TIPOLOXÍA ESCOLAR

### *5.1.- UNIDADES*

Trátase dun Centro no que se imparte actualmente ED. INFANTIL e ED. PRIMARIA.

Por mor dos Protocolos Anti Covid e posto que nun curso de primeiro de Primaria había 26 alumnos e alumnas, dende a Inspección Educativa procederon a desbobrar os primeiros de xeito que houbo tres cursos de 17 alumnos e alumnas cada un deles.

O Centro constou de 19 Unidades distribuídas da forma seguinte:

6 aulas de Ed. Infantil.
13 aulas de Ed. Primaria.
Ademáis de: 3 aulas de Ed. Especial.
1 aula de Audición e Linguaxe.
1 aula de Relixión.
Non se puido dispor da aula de música porque foi destinada a zona de confinamento.
A aula de inglés estivo destinada a segundo C de Primaria.

### *5.2.-PROFESORADO*

ADSCRIPCIÓNS E TITORÍAS:

**E. INFANTIL:**

**Dª Pilar Rodríguez Rodríguez, 5ºA**

**Dª Iria Mª Bordas Vidal ,5º B. (Compartida con Dª Lucía Baños García)**

**Dª Ana Belén Rodríguez Robledo, 6º A.**

**Dª Belén Pagán Campos, 6º B.**

**Dª María Gómez Pérez, 4º A.**

**Dª Mª Isabel Pérez Rodríguez, 4º B**

**Dª Mª de la Salud Rodríguez Fernández, Apoio A**

**Dª Mercedes del Pilar Represa LLoves, Apoio B(COORDINADORA CICLO INFANTIL)**

**E. PRIMARIA:**

**Dª Arancha Míguez Iglesias, 1º A.**

**Dª Mª Belén Opazo Quintas, 1ºB, Plástica Bilingüe nos 4ºˢ e nos 5ºˢ.**

**(Debido a que foi nomeada MENTORA DO PLAN DIXITAL, dende o 15 de novembro foi subsituida por D. Martín Rodríguez Fernández)**

**Dª Mª José Caride Pérez, 2º A, Plástica Bilingüe nos 3ºˢ (SECRETARIA e COORDINADORA CICLO de 1º e 2º)**

**Dª Mª Amparo Casares Vidueira, 2º B.**

**Dª Mª Aurora García Puga, 2º C.**

**Dª Mª Otilia Pérez Cid, 3º A.**

**Dª Mª Luisa Seara Borrajo, 3º B.**

**Dª Mª Teresa Doval Pérez, 4º A (COORDINADORA CICLO de 3º e 4º)**

**Dª Mª Reyes Rivero Fernández, 5º A.**

**D. Juan Manuel Regal Lamelo, 5º B. (DIRECTOR).**

**D. Manuel Álvarez Fernández, 6º A. (COORDINADOR DEPARTAMENTO NDLG e COORDINADOR CICLO de 5º, 6º)**

**Dª Mª Esther Fernández González, 6º B.**

**ESPECIALISTAS**

**Dª Mª Luisa Fernández Vida, Inglés 1º A, 2ºˢ e 3ºˢ (XEFA DE ESTUDIOS, COORDINADORA DUNHA SECCIÓN BILINGÜE))**

**D. Francisco Javier Souto Lamas, Inglés nos 4ºˢ, 5ºˢ, 6ºˢ, Plástica Bilingüe nos 6ºs (COORDINADOR TICS, COORDINADOR SEIS SECCIÓN BILINGÜES) .**

**Dª Mª Salomé Salgado Rodríguez, Inglés nos Infantiles e en 1º B (está compartida con outros dous centros).**

**D. Francisco Javier Pérez Iglesias, E. Física nos 1ºˢ, 2º B, 3º B, 4ºˢ, 5ºs e 6ºs de Primaria.**

**D. J. Carlos Maceiras Durán, Psicomotricidade 4ºˢ, 5ºˢ e 6ºˢ de Infantil, E. Física 2ºA, 2º C e 3º A de Primaria; C. Sociais, C. Naturais, Plástica e Valores en 2º A.**

**Dª Mª Dolores Díaz Fiúza: Música Primaria e E. Infantil.**

**Dª Mª Matilde González Iglesias: Relixión en Primaria e E.I. (COORDINADORA AAEE).**

**Dª Mª Teresa Blanco Fernández: Relixión aos mércores aos cursos de infantil de: 4º A, 5º A e os 6ºˢ.**

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


**PEDAGOXÍA TERAPEUTICA:**

**Dª Rosa Mª Barata Quintas.**
**Dª Ana Luisa Garrido Vila.**
**Dª Cristina Cachaldora Sánchez.**
**Dª Ana Belén Fernández Del Río(mestra de PT con atención preferente).**

**AUDICION E LINGUAXE:**

**Dª Vanesa Mª Villar García.**
**Dª Sherezade Fernández Placín, L. Galega, L. Castelá, C. Sociais e Valores 5º B.**

**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

**Dª Mónica Hernán López.**

***5.3 PERSOAL ADMINISTRATIVO E DE SERVICIOS***

**COIDADORAS:**

Dª Etelvina Quintas Sanmiguel.
Dª Mª Jesús Míguez Fernández.

**CONXERSES**, funcionarios do Concello:

D. Manuel Domínguez Ferreiro.
D. Germán de la Iglesia Cabezudo.

**ADMINISTRATIVA:**

Dª Mª Dolores Barreiros Fuentefría.

**PERSOAL DE LIMPEZA**, contratado pola Empresa concertada co Concello.

### *5.4.- ALUMNADO*

Estatística:

**E. INFANTIL**

4º A = 23
4º B = 23
5º A = 22
5º B = 23
6º A =25
6º B = 25

**E. PRIMARIA**

1º A = 25
1º B = 25
2º A = 17
2º B = 17
2º C = 17
3º A = 25
3º B = 25
4º A = 25
4º B = 25
5º A = 25
5º B = 25
6º A = 25
6º b = 25

**TOTAL = 442**

## 6.- ÓRGANOS DE GOBERNO

### *6.1.- Unipersoais*

O Equipo directivo:

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


DIRECTOR: **D.Juan Manuel Regal Lamelo.**
XEFA DE ESTUDIOS: **Dª Mª Luisa Fernández Vidal.**
SECRETARIA: **Dª Mª José Caride Pérez.**

Os integrantes do equipo directivo actuaron coordinada e solidariamente. Cada un dos seus membros desenvolveron as funcións que lle son específicas, otorgadas por Lei.

### *6.2.- Colexiados*

Consello Escolar e o Claustro.

#### 6.2.1.- CONSELLO ESCOLAR

PRESIDENTE: D. Juan Manuel Regal Lamelo.
XEFA DE ESTUDIOS: Dª Mª Luisa Fernández Vidal.
SECRETARIA: Dª Mª José Caride Pérez.

SECTOR PROFESORES:

DªMónica Hernán López
Dª Mª Reyes Rivero Fernández
Dª Ana Belén Rodríguez Robledo
D. Manuel Álvarez Fernández
D. Francisco Javier Souto Lamas

SECTOR PAIS:

D. Francisco Javier Rodríguez Martínez.
Dª Belén López Quintáns.
Dª CristinaBlanco Novoa.
D. Alberto Santos Caneda.
Dª Eugenia Díaz Abella.

REPRESENTANTE DA ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS:

D. Manuel Domínguez Ferreiro.

REPRESENTANTE DO CONCELLO:

D. Sara Dacal Fernández

COMISIÓNS NO CONSELLO ESCOLAR:

COMISIÓN ECONÓMICA:

D. Juan Manuel Regal Lamelo (Director).
Dª Mª José Caride Pérez (Secretaria).
Dª Cristina Blanco
D. Francisco Javier Rodríguez Martínez (S. Pais).

COMISIÓN PARA ADMISIÓN DOS ALUMNOS:

D. Juan Manuel Regal Lamelo (Director).
Dª Mª Luisa Fernández Vidal( Xefa de Estudios)
Dª Mª José Caride Pérez (S. Profesores).

CONVIVENCIA ESCOLAR:

D. Juan Manuel Regal Lamelo (Director).
Dª Mª Luisa Fernández Vidal (Xefa de Estudios)
Dª Mª Esther Fernández González (S. Profesores).
Dª Mónica Hernán López ( Orientadora)
Dª Eugenia Díaz Abella (S. Pais)
Dª Francisco Javier Rodríguez Martínez (S. Pais)

COMISIÓN DE URXENCIA

D. Juan Manuel Regal Lamelo (Director).
Dª Mª Luisa Fernández Vidal (Xefa de Estudios).
Dª Mª Esther Fernández González (S. Profesores).
Dª Cristina Blanco Novoa (S. Pais).

### 6.2.2.- CLAUSTRO

O Claustro estivo composto por todos os profesores definitivos e provisionais destinados no Centro. O claustro de profesores é o órgano propio da participación destes no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir, se ese é o caso, informar sobre todos os aspectos docentes del.

## 7.- ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DOS ALUMNOS (A.P.N.A.):

**PRESIDENTA:** Dª Belén López Quintáns.

**VICEPRESIDENTE:** D.Rubén Gómez Rodríguez

**SECRETARIO:** D.Cristina Blanco Novoa

**ADMINISTRADORA/TESOREIRA:** Dª Cecilia Ferro Vázquez.

**VOCAL:** Rocio Carballo Álvarez

**VOCAL:** Dª Pilar Pérez Formoso.

Debido aos Protocolos Anti Covid, non foi posible realizar as actividades extraescolares no centro ata o mes de abril e todas elas se fixeron mantendo a distancia mínima entre os alumnos e alumnas, facendo que os grupos foran non moi numerosos e o máis estancos posibles, tomando a temperatura ao principio de cada actividad e os país e nais non podían acceder ao centro senon que os monitores recollían ao alumnado na porta exterior do centro e volvían a entregalos alí ao rematar as actividades.

## 8.- DATAS DE AVALIACIÓN- ENTREGA DE NOTAS- REUNIÓNS DO CLAUSTRO- REUNIÓNS DO CONSELLO ESCOLAR.

### *8.1. DATAS DE AVALIACION*

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


7- 14 de decembrodo 2021

29 de marzo - 5 abril do 2022

7- 14 de xuño do 2022

### *8.2. ENTREGA DE BOLETÍNS*

22 de Decembro do 2021

8 de abril do 2022

22de xuño do 2022

### *8.3. REUNIÓNS DO CLAUSTRO*

Unha por trimestre e todas aquelas cantas foron necesarias.

Debido a continuar cos Protocolos Anti Covid, nestas reunións deuselle ao profesorado a posibilidade de facelas de xeito telemático ou presencial ata o mes de maio que volveron ser presenciais ao mellorar a situación sanitaria.

### *8.4. REUNIÓNS DO CONSELLO ESCOLAR*

Todas cantas foron necesarias.
Debido a continuar cos Protocolos Anti Covid, nestas reunións deuselle ao profesorado a posibilidade de facelas de xeito telemático ou presencial ata o mes de maio que volveron ser presenciais ao mellorar a situación sanitaria.

## 9.- PROXECTO DIDÁCTICO PEDAGÓXICO

Os Obxectivos Xerais do Centro propostos no Plan do Centro foron tres:

1º.- Facer que o Colexio sexa un lugar propicio para o desenvolvemento das aptitudes dos alumnos e da súa formación en valores, ao mesmo que se procura acadar un clima saudable.

2º.- Favorecer a integración dos alumnos con NEAE, concienciando a toda a Comunidade Educativa da necesidade de respectar este dereito de todos os alumnos. Utilizando fórmulas que potencien a colaboración, cooperación e respecto ás diferencias.

3º.- Mellorar a disciplina no ámbito académico, lúdico e social.

Conseguíronse en grande medida. Debido a que considerámolos esenciais terémolos presentes en anos sucesivos.

Tamén temos que sinalar que tanto os VALORES CONCRETOS (liberdade de conciencia do alumno, calidade de ensinanza, desenvolvemento integral da persoa, despertar o interés no alumno), como os HÁBITOS E CONDUCTAS que fomenta o Centro (emprender as iniciativas propias, elaborar os criterios, fomentar o espíritu crítico, impulsar o razoamento, interpretar as súas propias experiencias, expresar a súa propia afectividade de maneira espontánea e a súa creatividade), se desenvolveron e se conseguiron ao longo do curso, como estaba proxectado e podemos ratificar nas memorias dos distintos Ciclos e Aulas.

En canto aos obxectivos xerais dos alumnos, referentes a HÁBITOS, CAPACIDADES E ACTITUDES, E VALORES estiveron presentes en todas as programacións feitas dos diferentes niveis, sendo un tanto por cento elevado os que dunha forma positiva os foron conseguindo.

## 10.- MEMORIA DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:

### *10.1.MEMORIA DE EDUCACIÓN INFANTIL 2021-2022*

**OBXECTIVOS**.

En Educación Infantil damos prioridade ás actitudes e habilidades. Os obxectivos que formulamos están adaptados ao alumnado, partindo dos obxectivos xerais de etapa e dos obxectivos das diferentes áreas: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, coñecemento da contorna e linguaxes: comunicación e representación.
O nivel de consecución dos obxectivos propostos para este curso foi satisfactorio.
Un dos nosos obxectivos primordiais foi que os nenos/as, acaden un bo nivel de independencia e autonomía, que lles leve a conseguir un desenvolvemento pleno das súas capacidades desde o coñecemento do mundo que lles rodea.

O Plan de Acollida realizouse de maneira satisfactoria. A adaptación dos alumnos/as aocentro, ao horario e á actividade docente conseguiuse normalmente. Traballouse moito no campo das normas, os hábitos, as rutinas, a expresión oral e a comprensión.
Durante todo o curso traballáronse hábitos e actitudes que permitiron a convivencia entre o noso alumnado, sendo a asemblea e o recordatorio continuado dasnormas para respectar polo grupo clase, unha forma óptima na resolución de conflitos..

**CONTIDOS**.
Os contidos traballados derivan dos obxectivos xerais de etapa. Fomos adaptándoos ao noso alumnado tendo en conta os tres ámbitos: conceptos, procedementos e actitudes.

Traballamos as competencias básicas, xa que estarían intimamente ligadas ás tres áreas nas que se organiza o currículo do 2º ciclo de EI:
-Competencia de comunicación lingüística.
-Competencia matemática.
-Competencia social e cidadá..
-Competencia cultural e artística.
-Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
-Tratamento da información e competencia dixital.
-Competencia para aprender a aprender.
-Autonomía e iniciativa persoal

Malia que o ensino-aprendizaxe da lectoescritura non é obrigatorio nesta etapa, o equipo de EI ao completo, aborda a iniciación a devandito proceso desde o primeiro curso desta etapa, tendo sempre en consideración os ritmos de aprendizaxe dos alumnos e o seu desenvolvemento cognitivo. Todo isto, empregando recursos, e deseñando actividades que favorezan a motivación e asimilación de devanditos contidos

**ACTIVIDADES.**
Todas as actividades realizadas baséanse nos seguintes principios pedagóxicos:
A. Globalización.
B. Autonomía e singularidade.

C.Apertura e relación do alumno/a co mundo que lle rodea.
As actividades suscitáronse de forma global, tanto individualmente como en grupo. O xogo, queten unha clara intencionalidade educativa, organizámolo de forma significativa propiciando un ambiente agradable e un clima de confianza, ofrecendo situacións de comunicación e de relación, de manipulación e de experimentación.

As actividades que se levaron a cabo programaronse partindo dos obxectivos xerais de etapa, e dos das diferentes áreas, baseándose, así mesmo, nos principios metodolóxicos anteriormente citados.
Neste curso, non puidemos facer actividades conxuntas dunhas clases con outras. Todas as realizamos dentro de cada grupo, polo que non puidemos traballar as relacións intergrupais, que consideramos moi importantes xa que favorecen a socialización dos nenos/as e o bo ambiente no Centro.

**METODOLOXÍA.**

A metodoloxía empregada foi en todo momento participativa, baseada nun enfoque globalizador. O alumnado descobre e aprende actuando.Necesitan manipular, explorar, aprenden cos sentidos. Por esta razón, intégranse dentro da programación distintos proxectos de investigación, nos que se ofrece aos alumnos situacións de aprendizaxe para que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións, que favorezan o desenvolvemento de relacións interpersonales e vínculos afectivos. Todo isto nun clima de afectividad e reforzo positivo que favorece a adquisición e construción de aprendizaxes significativas e o desenvolvemento dunha autoimaxen positiva.
A motivación foi constante e continua aolongo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe e de cada un dos temas tratados.

**ORGANIZACIÓN**.

A organización do tempo fíxose en función das necesidades e intereses do alumnado, de forma que se propiciaron tanto as relacións en grupo como a interacción persoal.
Dentro dos tempos, tivemos que incorporar os adicados á hixiene de mans, segundo nos indicaba o Protocolo da adaptación á situación Covid-19.
Na organización do espazo partimos da base de ofrecer unha distribución funcional e un aspecto esteticamente agradable.
Neste curso a organización dos espazos fíxose tendo en conta o Protocolo de adaptación á situación Covid-19.
Cada grupo-clase constituía unha burbulla, polo que todas as súas actividades eran independentes do resto de grupos.
Nas aulas, retiráronse tódolos mobles e materiais non imprescindibles. As mesas distribuíronse por grupos, respectando as distancias estipuladas polo Protocolo antes mencionado.
Dentro de cada aula, os nenos/as distribuíanse en grupos estables de convivencia de 4 ou 5 nenos/as, que tiñan un material de xogo e traballo asignado. Este material íase rotando despois da perceptiva corentena ou desinfección.

**AVALIACIÓN**.

Aavaliación foi continua, iniciándoa en setembro, cunha entrevista individual.

Para realizar a avaliación enE.I. tivemos en conta:
-A observación directa e sistemática dos obxectivos suscitados para o curso.
-O nivel de interacción do grupo.
-A análise das producións infantís.

**Avaliación inicial:**
Levouse a cabo a través de:

- Entrevista coas familias,e entrevista cos pais do alumnado escolarizado por primeira vez.
- Historia escolar dos alumnos/as.
- Rexistro individual de coñecementos previos,durante os primeiros días do curso e ao inicio de cada secuencia de aprendizaxe.

**Avaliación continua e formativa:**
Aplicouse durante todo o proceso de aprendizaxe. Así, puidemos detectar os avances,dificultades,erros...e establecer mecanismos para mellorar a intervención educativa.Fíxose a partir da observación directa,indirecta e do diálogo.
Cada trimestre a titora de cada curso fixo un INFORME DE AVALIACIÓN CONTINUA para informar ás familias do proceso de ensinanza– aprendizaxe de cada neno.

**Avaliación final e sumativa:**
Permitiu comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos. Levouse a cabo ao final do curso escolar, sobre todo en 6º de EI, por supoñer o final do ciclo e a incorporación a unha nova etapa educativa.
Fíxose un informe individualizado de cada neno ao rematar a etapa.

## 7. ACCIÓN TUTORIAL.

Cos alumnos/as:
Traballáronse os puntos recollidosno Plan Anual de Centro.
Cos Pais/Nais:
A primeira reunión xeral tivo lugar en setembro, explicando o Plan de Acollida e as normas básicas do Centro e da aula.

As titorías coas familias foron, maioritariamente, por medios virtuais ( videochamadas, teléfono). Só en casos excepcionais foron presenciais, mantendo sempre as medidas de hixiene reflectidas no Protocolo ante a situación Covid.19.

As titoras de EI, a través dun correo persoal, mantivemos comunicación continua coas familias. Tamén a través de ABALAR, mantívose esta comunicación de forma máis oficial.
Esta relación completouse tamén coas informacións na web do centro educativo (http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrevide/).

## 8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Os nenos/as de Educación Infantil colaboraron nas actividades e festas do colexio:

-Magosto
-Halloween/ Samaín
-Nadal
-Día da Paz
- Entroido
- Día de Rosalía
-Día do libro
- Día internacional da muller
-Día das letras galegas.
-Colaborouse tamén coa revista anual.

## 9. SERVIZOS DE APOIO EXTERNO.

A orientadora do E.Ou.E.valorou a varios alumnos e alumnas durante este curso decidindo os apoios oportunos en cada caso (ordinario ou específico) e reuníndose coas familias destes alumnos/as. A estas familias déronselles orientacións e pautas para levalas a cabo cos seus fillos/as.

## 10. RENDEMENTO ESCOLAR DO ALUMNADO

### 4º INFANTIL A

A aula de 4º de EI-A ten escolarizados 23 nenos/as, un deles con NEAE; dito alumno tivo atención por parte do profesorado especializado (PT e AL), a súa evolución foi favorable e a colaboración coa familia foi boa.
Ademais, outro alumno recibiu atención por parte da especialista en AL debido a dificultades na fala, obtendo tamén unha evolución favorable.

Resaltar a falta de asistencia dun alumno a partir do segundo trimestre por asuntos persoais.

A consecución dos obxectivos propostos foi satisfactorio en todos os alumnos, mantendo unha evolución positiva no rendemento académico e na adquisición de hábitos e rutinas.

As canles empregadas para a comunicacón e colaboración coas familias centráronse nas notas informativas, correo electrónico e a aplicación ABALAR.

## 4º INFANTIL B

A aula de 4º B está formada por 23 alumno/as, este grupo de alumnos é bastante homoxeneo, polo que o ritmo de aprendizaxe foi bastante regular ao longo de todo o curso.

Nesta aula temos 2 alumnos que presentan N.E.E. contando co apoio de mestra de P.T., A.L. e tamén cuidadora, a progresión destes alumnos tamén foi positiva ao longo do curso.

O período de adaptación levouse a cabo de forma satisfactoria e a maior parte do grupo cumpríu o horario establecido, tendo en conta que hai un número elevado de usuarios de comedor, que sí xa fixeron uso del dende os primeiros días.

A adquisición de hábitos e rutinas foi progresiva, e acadaron os obxectivos propostos, amosando un nivel de desenvolvemento axeitado a súa idade.

## 5º INFANTIL A

A aula de 5º A de Educación Infantil ten escolarizados/as 22 nenos/as, sendo unha delas unha nena con NEE.
Deles, 20 estiveron escolarizados/as no Centro o curso pasado e dúas nenas incorporáronse á aula en setembro, procedentes doutros Centros.

A consecución dos obxectivos propostos foi satisfactoria namaioría dos/as nenos/as , constatándose unha evolución positiva no rendemento académico e na adquisición de hábitos e rutinas.

A alumna con NEE contou cunha mestra de PT con atención preferente (12 sesións semanais) e apoio da mestra de AL (4 sesións semanais).
Nos momentos nos que non contou co apoio individual, o seu comportamento presentou dificultades, xa que se escapa da aula se a porta está aberta, sobe ós estantes, mesas, cubrerradiadores,... para coller algo que quere, tira indiscriminadamente xoguetes polo chan,.... Estes comportamentos presentan un problema polo risco que conlevan ( se se escapa e se esconde, se cae pola fiestra, se cae da mesa ó chan,...)

Un alumno presenta comportamentos disruptivos, falta de atención e autocontrol, agredendo constantemente ós/ás compañeiros/as. Isto fai que a súa evolución non sexa a correcta, nin en hábitos e normas nin en rendemento académico.

Unha alumna presenta problemas de comportamento, derivados dos cambios na súa situación familiar. Enfádase se non consegue o que quere, cústalle compartir, ten episodios de choros esaxerados, aférrase ó adulto que lle presta atención,...

Un alumno presenta dificultades de expresión e comprensión oral, conceptos lóxicos,...

Está pendente dun diagnóstico por parte de profesionais médicos (neurólogo, psicólogo,...)

As canles empregadas para a comunicación e colaboración coas familias centráronse nas notas informativas, correo electrónico e a aplicación ABALAR.
As titorías foron tanto presenciais coma telefónicas, atendendo ós diferentes momentos da evolución da Covid-19.
Continuei empregando o blog (infantilmestrevideblogspot.com) para achegar ás familias algunhas actividades feitas na aula.

**<u>5º INFANTIL B</u>**

O curso de 5ºB de Educación Infantil foi impartido por dúas titoras debido a unha redución de xornada:
Titora 1: Iria María Bordas Vidal
Titora 2: Lucía Baños García

Ademáis, o curso contou con 22 alumnos ao final do curso 21/22. Durante o curso producíronse diferentes variacións de altas e baixas no alumnado. No segundo trimestre, incorporouse Roi Abadin Rodríguez e produciuse a baixa de Xoel Valiña Fernández debido a una enfermidade de longa duración.

O equipo mantivo as reunións que foron necesarias para coordinar o labor docente durante o curso. A coordinación, tanto entre niveis como no ciclo foi boa.

Na linguaxe oral traballáronse as dúas linguas oficiais, galego e castelán e tamén a través do material impreso co que traballou ao alumnado, o que consideramos imprescindible, xa que os alumnos-as que utilizan o galego como primeira lingua cada vez é menor.

O desenvolvemento das actividades programadas fixéronse a través dun enfoque globalizado e integrador e desenvolveuse tendo en conta a realidade inmediata e contextos comunicativos reais e significativos, utilizando experiencias significativas, rutinas, imaxes, cancións e historias que teñan relación coa realidade, prestando especial atención aos aspectos afectivos e de relación. Tivéronse en conta os intereses e motivacións do alumnado.

O uso de diversas marionetas fixo posible o achegamento afectivo aos nenos e nenas. Fomentouse un ambiente de desfrute por escoitar e participar e de achegamento a unha cultura de xeito global.

A aula contou cunha biblioteca cun número axeitado de exemplares (en galego e castelán) que se puido incrementar acudindo ao sistema de préstamo da biblioteca do centro.

## 6º INFANTIL A

O grupo de 6ºA está formado por 25 alumnos, dos cales 15 son nenos e 10 nenas. A maioría deles asistiu a clases con regularidade aínda que, un curso máis, debido á pandemia, houbo ocasións nas que a falta de asistencia prolongada notouse pola elevada incidencia do virus, os confinamentos por contactos estreitos, o medo por estar próximo a un compañeiro que deu positivo, etc.
En xeral é un grupo que foi evolucionando acorde ao seu nivel de desenvolvemento e maduración e que deixou ver o froito dos dous anos anteriores de bo e intenso traballo. Cabe destacar con todo, que aínda que a gran maioría alcanzaron os obxectivos de etapa sen problema ningún, hai algúns alumnos que grazas á súa gran madurez, bo comportamento, atención e traballo, a día de hoxe poderían estar integrados perfectamente nunha aula de primaria. Outros en cambio, polo seu comportamento e actitude negativos, falta de concentración, e falta de madurez deberán esforzarse para poder seguir as rutinas e o ritmo de traballo que a nova etapa esixe.
Ao longo deste curso continuamos o traballo por proxectos. Nesta ocasión a temática estaba dedicada aos superheroes. Leste foi un tema elixido por eles, pero o feito de ser tan abstracto, resultoume nalgunhas ocasións difícil de levar e de conectar coa realidade. Polo demais, creo que lles gustou e aprendemos e gozamos de moitas cousas.
En canto ao rendemento académico, o nivel de adquisición dos obxectivos propostos para este curso é satisfactorio na maior parte do alumnado.
Debo destacar un alumno, que por motivos familiares e da pandemia faltou bastante, chegando a estar ausente case a totalidade de 5º curso o que acusou notablemente o nivel de adquisición tanto dos obxectivos propostos para este ano, como dos obxectivos
de etapa. Polo que respecta á adquisición da lectoescritura, comentar que en todo momento respectei o ritmo de maduración dos alumnos, e a día de hoxe uns 10 alumnos son capaces de ler e escribir palabras e frases curtas e sinxelas. O resto do grupo non terá problema para o curso que vén, debido a que teñen as bases para arrincar ao longo do seu primeiro trimestre en primaria.
Debo destacar que durante este último trimestre notei un descenso notable na atención. En xeral estiveron moi ausentes, coma se estivesen permanentemente no recreo, sen parar de falar nun ton moi alto, uns con outros o que me impedía dirixirme a eles con facilidade. Isto levoume a cambiar as rutinas para xerar un pouco máis de sorpresa ou motivación, pero debo dicir que aínda así, foi difícil.
Supoño que moitos factores deberon influír nisto (último trimestre, peso emocional pola pandemia, calor acusada, tres anos comigo, etc), pero tomo nota para facer un exercicio de autoavaliación e análise tentado buscar una posible solución para situacións futuras.
Continúo mantendo contacto coas familias a través das distintas plataformas principalmente classdojo, páxina de Instagram e correo profesional, así como con reunións individuais tanto presenciais como por videoconferencia que nos axudan a compartir información, o que facilita o comprender, encamiñar, ou mellorar tanto o rendemento académico como as relacións entre iguais e cos demais membros da comunidade educativa.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


**6º INFANTIL B**

A programación desenvolveuse e cumpriuse na súa totalidade así coma os obxectivos, os cales acadaron a practicamente totalidade do alumnado sen dificultade, tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e as diferenzas evolutivas dos discentes.

Sen embargo houbo unha alumna, Camila, que se incorporou en setembro ao grupo e que non acadou os obxectivos na súa totalidade. Presentou desde un primeiro momento unha grande dificuldade comunicativa e polo tanto social ao non ser entendida polos seus compañeiros. Presentou diferentes dislalias e escaso vocabulario que pocuco a pouco foi mellorando escasamente na aula. A sua actitude fronte ao proceso de ensino aprendizaxe foi desfavorable non primeiro e segundo trimestre, mellorando un pouco non terceiro. Solicitei a sua evaluación por parte do equipo de orientación pero non se chegou a realizar por falta de tempo do mesmo, polo que queda pendente para ou curso seguinte o antes posible.
A principios de Febreiro solicitei a intervencion do equipo de orientación para avaliar a Martín que presentaba moitas dislalias e que comezaban a ser un obstáculo para a sua comunicación cos compañeiros. Levouse a cabo unha entrevista entre a orientadora e os pais.
A mediados de Marzo solicitei a intervención do equipo de orientación para avaliar a Rodrigo, alumno que presentaba disfluencias na fala dende 4ª de infantil e que aumentaron en gran medida este curso ca conseguinte preocupación dos pais e miña. A orientadora entrevistouse cos pais e comunicoulles a necesidade de facerlle unha avaliación externa, fora do centro. Os pais solicitaron un informe diagnóstico da orientadora.

Como titora puxéme en contacto coas familias a través do whasapp e teléfono. Establecéronse criterios para revisar a programación e adaptala á nova situación e tomáronse as seguintes medidas:
- Rutinas de desinfección: lavado de mans prioritariamente ao xel hidroalcohólico, nas entradas, saídas, antes de comer, despois para comer e cando ou requira a situación.
- Reedistrubución do espazo na aula: Establecín de novo os recantos, utilízamos materiais manipulativos e suprín as corentenas para os libros dá biblioteca de aula.
- Ou agrupamento do alumnado fíxose por mesas Na organización dous aniversarios, permitín traer dá casa doces para compartir.
- Retomáronse as actividades complementarias fóra do centro: Visita a biblioteca municipal, a biblioteca do concello e llevouse a cabo excursión fin de curso.

**Propostas de mellora:**

Considero que é necesario ou acondicionamento dás aulas de infantil xa que ou mobiliario e ou material didáctico están moi desgastados e anticuados.

E necesario acondicionar os patios de recreo xa que menos un, non están adecuados ao lecer dos pequenos: cemento, pouca vexetación, poucas sombras.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


Faise moi necesario a pronta intervención do equipo de orientación desde os tres anos para actuar canto antes con aqueles alumnos que presentan algunha necesidade.

O cambio dá xestión dás gardas en infantil é imprescindible xa que ata ágora a mestra de apoio que no meu caso imparte dúas horas de lóxica matemática debe de ir substituír toda a mañá ao mestre ou mestra que falte coa consecuente perda das súas clases polos meus alumnos.

O cambio da xestión de gardas a nivel de infantil e primaria tamén considero que se pode mellorar xa que actualmente non existe un control serio das gardas que fai cada membro.Xefaturadebería de nomear a cada profesor que ten que realizar unha garda nun curso determinado.

Poderíase mellorar tamén a coordinación entre os membros do claustro e equipos co equipo directivo á hora de organizar actividades, proxectos, reunións… Isto fai que cada vez aumente a sensación de ausencia dun proxecto común en horizontal e sobre todo vertical.

## *10.2. MEMORIA DE EDUCACIÓN PRIMARIA 2021-2022*

### 10.2.1. PRIMEIRO CURSO

| | |
|---|---|
| **CURSO:** 1º A e 1º B | |
| **CONSTITUCIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CURSO** | |
| Nº TOTAL DE ALUMNOS DO CURSO: 25 cada grupo | |
| MESTRES/AS QUE IMPARTEN DOCENCIA/MATERIAS: | |
| NOME DO MESTRE/A | MATERIAS/APOIOS |

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


| | |
|---|---|
| Arancha Míguez Iglesias<br>Mª Belén Opazo Quintas<br>Martín Rodríguez Fernández | CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, PLÁSTICA, LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, LINGUA GALEGA E LITERATURA, MATEMÁTICAS E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS |
| Mª Luisa Fernández Vidal | LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS 1 A |
| Mª Salomé Salgado Rguez | LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS 1 B |
| María Matilde González Iglesias | RELIXIÓN CATÓLICA |
| Francisco Javier Pérez Iglesias | EDUCACIÓN FÍSICA |
| María Dolores Díaz Fiuza | MÚSICA |
| Vanesa María Villar García | AUDICIÓN E LINGUAXE |
| Ana Luisa Garrido Vila<br>Cristina Cachaldora | PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA |

**ALUMNOS CON CARACTERÍSTICAS DIFERENCIAIS**:

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1.- Con adaptación curricular | 0 | | |
| 2.- Que permaneceron un ano máis no curso | 0 | En que curso? | 0 |

| | | |
|---|---|---|
| 3.- Con reforzo | Nº de alumnos | Tipo de reforzo |
| | 2 en 1º A<br>3 en 1ºB | Audición e linguaxe |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 2 en 1ºA<br>5 en 1ºB | Pedagoxía terapéutica | |
| 4.-Procedentes de culturas con outros idiomas maternos : 0 | | Cal? | |
| 5.- Con sobredotación intelectual: 0 | | | |
| LINGUA MATERNA | Galego | 0 | |
| | Castelán | 25/25 | |
| | Outras | 0 | |

**OUTROS ASPECTOS DESTACABLES**:

Grupos de 25 alumnas e alumnos cun bo nivel dende o punto de vista académico. A avaliación inicial foi boa en xeral.

Trátase de dous grupos con moitos intereses, implicados no seu traballo e con ganas de aprender.

En 1º A dous alumnos recibiron reforzo dentro e fóra da aula coas mestras de PT e AL. Outros dous alumnos empezaron a saír coa especialista de AL no terceiro trimestre. O próximo curso deberían continuar cos apoios.

En 1º B recibiron apoio de PT cinco alumnos e tres de audición e linguaxe, dos cales 4 seguirán recibindo os mesmos apoios de PT para o seguinte curso, e só un deberá continuará o vindeiro curso co apoio de AL.

No curso de 1ºB a súa titora (Mª Belén Opazo Quintas) pasou a desempeñar a función de MENTORA DO PLAN DIXITAL polo que foi subsitutida por o novo titor Martín Rodríguez Fernández que se fixo cargo da clase ata o final do curso.

**10.2.2. SEGUNDO CURSO**

| | |
|---|---|
| **CURSO:2ªA/B/C** | |
| **CONSTITUCIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CURSO** | |
| Nº TOTAL DE ALUMNOS DO CURSO: 51 | |
| MESTRES/AS QUE IMPARTEN DOCENCIA/MATERIAS: | |
| NOME DO MESTRE/A | MATERIAS/APOIOS |
| Mª José Caride | L.CASTELÁ ,L. GALEGA, MATEMÁTICAS, |
| J.Carlos Maceiras Díaz | C. DA NATUREZA, C. SOCIAIS, E. ARTÍSTICA, VALORES SOCIAIS E CÍVICOS |
| Mª Amparo Casares Vidueira | C. DA NATUREZA, C. SOCIAIS, E. ARTÍSTICA, L.CASTELÁ ,L. GALEGA, MATEMÁTICAS VALORES SOCIAIS E CÍVICOS |
| Mª Aurora García Puga | C. DA NATUREZA, C. SOCIAIS, E. ARTÍSTICA, LINGUA CASTELÁ E GALEGA, MATEMÁTICAS, VALORES SOCIAIS E CÍVICOS |
| Mª Luisa Fernández Vidal | LINGUA ESTRANXEIRA |
| Mª Matilde Glez Iglesias | RELIXIÓN CATÓLICA |
| Francisco J. Pérez Iglesias<br>J. Carlos | E. FÍSICA |
| Mª Dolores Días Fiuza | MÚSICA |
| Vanesa María Villar García | AUDICIÓN E LINGUAXE |
| Ana Luisa Garrido Vila | PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ALUMNOS CON CARACTERÍSTICAS DIFERENCIAIS: | | | |
| 1.- Con adaptación curricular | 0 | | |
| 2.- Que permaneceron un ano mais no curso | 1 | Curso | 1º |

| | | |
|---|---|---|
| 3.- Con reforzo | Nº de alumnos | Tipo de reforzo:<br>Reforzo na aula: 2+ |
| | 2+ 2+ | Audiciòn e linguaxe: 2+2 |
| | | Pedagoxía terapéutica2+2+3 |

| | | |
|---|---|---|
| 4.-Procedentes de culturas con outros idiomas maternos : - | Cal? | - |
| 5.- Con sobredotación intelectual:0 | | |
| 6.- Outros: | | |

| | | |
|---|---|---|
| LINGUA MATERNA | Galego | 0 |
| | Castelá | 51 |

| | |
|---|---|
| Outras | |

| | GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS | |
|---|---|---|
| MATERIAS | CIENCIAS DA NATUREZA | Notablemente superados |
| | CIENCIAS SOCIAIS | Notablemente superados |
| | ED. ARTÍSTICA | Notablemente superados |
| | • Elaboración e aprobación dos obxectivos xerais<br>• Elaboración, revisión e temporalización das programacións didácticas.<br>• Elaboración de listado de material didáctico.<br>• Elaboración de propostas para o Plan Lector e Equipo de biblioteca.<br>• Preparación de:<br>o Adaptación da programación do curso ás necesidades do alumnado.<br>o Preparación das sesións de avaliación.<br>o Saídas e actividades culturais.<br>o Organización e participación en todas as actividades relacionadas coas festas conmemorativas<br>o Elaboración de Unidades Didácticas para estas celebracións.<br>o Información da posible participación en diferentes e variados concursos.<br>• Avaliación e criterios de promoción. |

| ACTIVIDADES | |
|---|---|
| **DENTRO DO CENTRO** | - Celebración das seguintes festas: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día da Poesía, Día do Libro, Día das bibliotecas Día de Rosalía e Día das Letras Galegas.<br>- Encontros co autor: Andrea Maceiras (A folla Azul)<br>Nadia Arce (Círculo poético)<br>- Día da árbore e da auga<br>- Collage: Día das Letras Galegas<br>- Actividade Control das emocións Fundación A Caixa |

| | |
|---|---|
| | - Xornada de Educación Vial |
| **FÓRA DO CENTRO** | • Baile: Día da muller<br>• Elaboración dun maio<br>• Visita a exposición “Beatles”<br>• Saída didáctica “Obradoiro de escritura medieval”<br>• Excursión de fin de curso |

| **MEDIOS E RECURSOS** | |
|---|---|
| • Emprego da plataforma e-dixgal | |
| **TIC** | • Uso da pizarra dixital<br>• Aula virtuaL<br>• Correo electrónico<br>• Abalar<br>• Videoconferencias |

| **PROPOSTAS DE MELLORA** |
|---|
| Fomentar hábitos de organización do seu traballo diario. |
| Ampliar o uso da biblioteca sempre que sexa posible. |
| Traballar os dereitos e deberes do alumnado que están relacionados no Plan de Convivencia e NOF do Centro |
| Deberíamos dispor de máis reforzo por especialistas en P.T sempre que sexa posible. |

## 10.2.6. SEXTO CURSO

| | |
|---|---|
| **CURSO: 6º A/B** | |
| **CONSTITUCIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CURSO** | |
| Nº TOTAL DE ALUMNOS DO CURSO: 50 | |
| MESTRES/AS QUE IMPARTEN DOCENCIA/MATERIAS: | |
| NOME DO MESTRE/A | MATERIAS/APOIOS |
| Manuel Álvarez Fernández<br>Mª Esther Fernández González | CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, LINGUA CASTELÁ E GALEGA, MATEMÁTICAS, VALORES SOCIAIS E CÍVICOS |
| Francisco Javier Souto Lamas | LINGUA EXTRANXEIRA (INGLÉS) E PLÁSTICA |
| Mª Matilde GonzálezIglesias | RELIXIÓN CATÓLICA |
| Francisco J. Pérez Iglesias | E. FÍSICA |
| Mª Dolores Díaz Fiuza | MÚSICA |
| Sherezade Fernández Placín | AUDICIÓN E LINGUAXE |
| Rosa Barata Quintas<br>Alba Varela Rodríguez | PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA<br>PROGRAMA PROA |
| Cristina Cachaldora Sánchez | ALTAS CAPACIDADES |

| ALUMNOS CON CARACTERÍSTICAS DIFERENCIAIS: | | | |
|---|---|---|---|
| 1.- Con adaptación curricular | 1 | | |
| 2.- Que permaneceron un ano máis nalgún curso de primaria anterior ao actual | 2 | En qué curso? | 1º |

| 3.- Con reforzo | Nº de alumnos | Tipo de reforzo | | |
|---|---|---|---|---|
| | 8 | Audición e linguaxe+ Apoio PT1 | | |
| | | Pedagoxía terapéutica | 2 | ApoioPROA2 |
| | | Altas Capacidades | 3 | |

4.-Procedentes de culturas con outros idiomas maternos : 0

5.- Con sobredotación intelectual: 0

6.- Outros:

| LINGUA MATERNA | | |
|---|---|---|
| | Galego | 1 |
| | Castelá | 49 |
| | Outras | 0 |

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/



| | GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS | |
|---|---|---|
| MATERIAS | CIENCIAS DA NATUREZA | Notablemente superados |
| | CIENCIAS SOCIAIS | Notablemente superados |
| | ED. ARTÍSTICA | Notablemente superados |
| | E. FÍSICA | Notablemente superados |
| | L. CASTELÁ E LITERATURA | Superados de maneira aceptable |
| | L. GALEGA E LITERATURA | Superados de maneira aceptable |
| | MATEMÁTICAS | Superados de maneira aceptable |
| | INGLÉS | Superados de maneira aceptable |
| | RELIXIÓN | Notablemente superados |
| | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | Notablemente superados |
| | OBSERVACIÓNS | Alumnos cun aceptable rendemento académico, agás osalumnos/as con dificultades que tiveron apoios dentro e fóra da aula.<br>Merece destacarse a colaboración da profesora do programa PROA |

| NIVEL DE ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS | | |
|---|---|---|
| | | 6º CURSO |
| COMPETENCIAS | COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA | ACEPTABLE PARA O NIVEL |
| | C. MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA | ACEPTABLE PARA O NIVEL |
| | COMPETENCIA DIXITAL | BO |
| | APRENDER A APRENDER | ACEPTABLE PARA O NIVEL |
| | C. SOCIAIS E CÍVICAS | ACEPTABLE PARA O NIVEL |
| | SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR | ACEPTABLE PARA O NIVEL |
| | CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS | ACEPTABLE PARA O NIVEL |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CEIP MESTRE VIDE

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/

galicia

| **RESULTADOS DA AVALIACIÓN FINAL DE CURSO** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CURSO:** | **6ºA** | **CUALIFICACIÓNS** | | | | | **PROMOCION DE CURSO** | |
| **Nº DE ALUMNOS** | 25 | I N | SU | BE | NT | SOB | | |
| Áreas/Materia/Ámbito/Módulo | CIENCIAS DA NATUREZA | 0 | 1 | 1 | 15 | 8 | PROMOCIONAN CON ACI | 1 |
| | CIENCIAS SOCIAIS | 0 | 1 | 1 | 19 | 4 | PROMOCIONAN SEN ACADAR A TOTALIDADE DOS OBXECTIVOS | 1 |
| | ED. ARTÍSTICA | 0 | | | | | PROMOCIONAN OBXECTIVOS ACADADOS | 23 |
| | E. FÍSICA | 0 | 0 | 0 | 3 | 22 | TOTAL: PROMOCIONAN DE CURSO | 25 |
| | L. CASTELÁ E LITERATURA | 0 | 0 | 5 | 16 | 4 | NON PROMOCIONAN | 0 |
| | L. GALEGA E LITERATURA | 0 | 2 | 7 | 12 | 4 | | |
| | MATEMÁTICAS | 1 | 1 | 4 | 13 | 6 | | |
| | INGLÉS | 0 | 3 | 4 | 10 | 8 | | |
| | RELIXIÓN | 0 | 0 | 0 | 1 | 14 | | |
| | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | 0 | 0 | 0 | 2 | 8 | | |

OBSERVACIÓNS:

O grupo presenta as características propias dos alumnos de sexto curso cun aproveitamento normal para a súa idade.

No primeiro trimestre, unha vez rematada a avaliación inicial fíxose unha adaptación da programación xeral ás necesidades especiais do presente curso tendo en conta a aprendizaxe de determinados contidos do curso anterior

Os obxectivos propostos na programación de 6º de Ed. Primaria foron traballados, con resultados satisfactorios na maioría dos alumnos/as onde o seu progreso é claro e evidente.

Desde un punto de vista xeral e tendo en conta o grupo na súa totalidade poidéronse conseguir unhas rutinas de traballo na expresión escrita, gráfica e numérica así como na observación e na participación atenta, claves para obter resultados satisfactorios en vindeiros cursos, afianzando os contidos e acadando os obxectivos previstos.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/



## RESULTADOS DA AVALIACIÓN FINAL DE CURSO

| **CURSO:** | **6º B** | **CUALIFICACIÓNS** | | | | | **PROMOCION DE CURSO** | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Nº DE ALUMNOS** | 25 | I N | SU | BE | NT | SOB | | |
| Áreas/Materia/Ámbito/Módulo | CIENCIAS DA NATUREZA | 0 | 1 | 4 | 9 | 11 | PROMOCIONAN IMPERATIVO LEGAL | 0 |
| | CIENCIAS SOCIAIS | 0 | 1 | 3 | 8 | 13 | PROMOCIOAN SEN ACADAR A TOTALIDADE DOS OBXECTIVOS | 1 |
| | ED. ARTÍSTICA | 0 | 0 | 0 | 1 | 24 | PROMOCIONAN OBXECTIVOS ACADADOS | 24 |
| | E. FÍSICA | 0 | 0 | 0 | 0 | 25 | TOTAL: PROMOCIONAN DE CURSO | 25 |
| | L. CASTELÁ E LITERATURA | 0 | 2 | 6 | 6 | 11 | NON PROMOCIONA | 0 |
| | L. GALEGA E LITERATURA | 0 | 4 | 6 | 8 | 7 | | |
| | MATEMÁTICAS | 0 | 4 | 1 | 7 | 13 | | |
| | INGLÉS | 1 | 5 | 3 | 12 | 4 | | |
| | RELIXIÓN | 0 | 0 | 0 | 1 | 13 | | |
| | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | 0 | 0 | 0 | 1 | 10 | | |

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


OBSERVACIÓNS:
O grupo presenta as características propias dos alumnos de sexto curso cun aproveitamento normal para a súa idade.No primeiro trimestre, unha vez rematada a avaliación inicial fíxose unha adaptación da programación xeral ás necesidadesdo presente cursotendo en conta a aprendizaxe de determinados contidos do curso anterior
Os obxectivos propostos na programación de 6º de Ed. Primaria foron traballados, con resultados satisfactorios na maioría dos alumnos/as onde o seu progreso é claro e evidente. Neste apartado foi de gran axuda a importante labor levada a cabo pola profesora do programa PROA.
Desde un punto de vista xeral e tendo en conta o grupo na súa totalidadepoidéronse conseguir unhas rutinas de traballo na expresión escrita, gráfica e numérica así como na observación e na participación atenta, claves para obter resultados satisfactorios en vindeiros cursos, afianzando os contidos e acadando os obxectivos previstos.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/



| CALENDARIO DE REUNIÓNS | |
|---|---|
| **DATA** | 4º martes de cada mes en horario de 17:00 a 18:00. |
| | • Elaboración e aprobación dos obxectivosxerais<br>• Elaboración, revisión e temporalización das programacións didácticas.<br>• Elaboración de listado de material didáctico.<br>• Preparación de:<br>  ○ Adaptación da programación do curso ás necesidades do grupo<br>  ○ Preparación das sesións de avaliación.<br>  ○ Saídas e actividades culturais.<br>  ○ Organización e participación en todasas actividades relacionadas coas festasconmemorativas<br>  ○ Elaboración de Unidades Didácticas para estas celebracións.<br>  ○ Información da posible participación en diferentes e variados concursos.<br>• Avaliación e criterios de promoción. |

| ACTIVIDADES | |
|---|---|
| **DENTRO DO CENTRO** | - Celebración das seguintes festas: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día da Poesía, Día do Libro, Día das bibliotecas Día de Rosalía e Día das Letras Galegas.<br>- Charla sobre o acoso escolar Policía Local De Ourense<br>- Actividade sobre a auga (Día Internacional do Clima) |
| **FÓRA DO CENTRO** | • Visita Cultural “A pegada dos PP Franciscanos” nacidade de Ourense<br>• Exposición sobre Os Beatles<br>• Visita ao Instituto das Lagoas |

| PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|
| Fomentar hábitos de organización do seu traballo diario. |
| Ampliar o uso da biblioteca sempre que sexa posible. |
| Traballar os dereitos e deberes do alumnado que están relacionadosno Plan de Convivencia e NOF do Centro |
| Deberíamos dispor de máis reforzo por especialistas en P.T sempre que sexa posible. |

| MEDIOS E RECURSOS | |
|---|---|
| • Emprego da plataforma e-dixgal | |
| TIC | • Uso da pizarra dixital<br>• Aula virtuaL<br>• Correo electrónico<br>• Abalar<br>• Videoconferencias |

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


## *10.3.- MEMORIA DA LINGUA INGLESA*

Durante o curso 2021-2022 a asignatura de lingua inglesa foi impartida do seguinte modo:

- Educación infantil e 1º B de Primaria: Dª Salomé Salgado Rodríguez que foi sustituida por D. Paula Díaz Tena.
- 1º A, 2ºs e 3ºs de Primaria por Dª Mª Luisa Fernández Vidal.
- 4ºs, 5ºs e 6ºs por D. Francisco Javier Souto Lamas.

**EDUCACIÓN INFANTIL**

A etapa de Educación Infantil conta cun total de 139 alumnos-as.

Na área de lingua estranxeira, as destrezas traballadas foron a comprensión e expresión oral (listening e speaking).

Os obxectivos establecidos para esta etapa foron acadados, con maior ou menor dificultade, por todos os alumnos-as.

Empregáronse métodos das editoriais Richmond ("Amanda and Friends")e Pearson("My Disney Stars and Friends")

- "Amanda and Friends" para 4º, sen usar o material impreso, so o libro dixital.
- "My Disney Stars and Friends Level 2" para 5º, usando material impreso e libro dixital.
- "My Disney Stars and Friends Level 3"para 6º, usando material impreso e libro dixital.
- Tamén usamos contos, cancións, material multimedia, pizarra dixital, mascotas, marionetas e flashcards para centrar o tema de traballo.

En todos os niveis desenvolvemos a linguaxe oral (listening and speaking) de forma lúdica e interrelacionada coas outras áreas do currículo.

O alumnado desta etapa aprendeu a saudar, dar despostas breves, a seguir instruccións orais sinxelas (stand up, sit down, jump, clap your hands, open-close..., go to...), os números do 1 ao 10, as cores (blue, green, red, orange, yellow, pink, purple),

estados de ánimo (happy, sad, angry, surprised...), algúns animais, comida e partes do corpo.

Todos os días repetimos certas rutinas relacionadas co tempo atmosférico, data e emocións; así como o repaso breve de certos contidos traballados nas aulas anteriores. Os principais recursos utilizados en todos os niveis foron: O libro de texto en 6º, big books, contos tradicionais, TIC, videos, cancións variadas e adaptadas ao tema tratado, xogos, actividades de TPR, Utilizamos tamén moitos apoios visuais como carteis, bonecos, monicreques e flashcards.

En canto ás celebracións e festividades típicas, celebramos os "birthdays", Halloween, Christmas, e Carnival. En todas elas fixemos traballos manuais e en Halloween e Carnival tamén nos disfrazamos.

**EDUCACIÓN PRIMARIA**

O curso académico 2021/2022 estivo afectado polos condicionantes derivados da pandemia de COVID 19 ainda que o proceso de incorporación á normalidade desenvolveuse sin maior problema.

Os factores negativos que mais influíron son:

1. uso de mascarillas na aula durante gran parte do curso, que dificulta a audición e o ensino aprendizaxe dos aspectos fonéticos.

2. A perda da aula de Inglés que tivo que ser usada para desdobrar os grupos de segundo.

3. Neste curso debido á situación sociosanitaria provocada pola Covid 19 houbo que reforzar moitos contidos dos cursos anteriores, o que provocou, entre outras cousas, que non se puidese levar a cabo o proxecto de fomento da lectura tal e como estaba previsto.

Como aspecto positivo cabe destacar que o centro contou este ano cunha persoa auxiliar de conversa que colaborou activamente co profesorado no desenvolvemento das destrezas orais.

Tamén participamos no programa COST polo que tivemos dúas profesoras en prácticas proveñentes das universidades de Georgia e Illinois en EE.UU.

**1º PRIMARIA**

O primeiro curso de Primaria estivo composto por dous grupos con 25alumnos e alumnas cada un deles.É un número moi numeroso para poder traballar en inglés. Todos os alumnos e alumnas acadan os obxectivos do curso.

Traballouse principalmente con números, cores, xoguetes, animais, medios de transporte, membros da familia, pezas de roupa e alimentos. Tamén traballamos comandos e ordes básicas, a través do TPR (point, touch, open, close, take….). Aprenderon a presentarse, coñeceron cancións, xogos, seguiron ordes, escoitaron contos e fixeron actividades de plástica, todo relacionado cos temas traballados.

As festas típicas de países anglófonos que se traballaron foron Halloween, Christmas e Easter.
As destrezas máis traballadas foron o “Listening e Speaking” e iniciáronse no “Reading e Writing” dun xeito moi básico.

Os principais recursos utilizados foron o libro de texto “Amazing Rooftops” do nivel 1 da editorial Oxford, os contos, o visionado de vídeos, xogos, dramatizacións, material multimedia, pizarra dixital, e actividades de TPR (Total Physical Response. Utilizamos tamén moitos apoios visuais, tales como carteis, flashcards e material multimedia na pizarra dixital.
Tamén se empregou como material complementario algún de produción propia; así como cancións (TheSound of Music, etc.) e cartoons (Masha and the Bear).

**2º PRIMARIA**

O segundo curso de Primaria estivo composto tres grupos con 17 alumnos e alumnas cada un deles. É un número de alumnos ideal para poder traballar en inglés. Todos os grupos deberían ter este número de alumnos porque a atención que se lles pode prestar é moito maior.

No segundo C hai un alumno con NEE que non presenta problemas á hora de alcanzar os contidos pero sí ten conductas disruptivas que ás veces dificultaron o traballo na clase.

Todo o alumnado acada os obxectivos, ainda que algún deles con dificultade.

Empregamos o método “*Amazing Rooftops 2”,* da editorial Oxford. Tamén se empregou como material complementario algún de produción propia.

Neste nivel non se utilizou o Activity Book por considerar que sería demasiado material escrito para o alumnado desta idade, na que pensamos que é mellor afianzar as destrezas orais e incorporar a escrita pouco a pouco, pero sí se fixeron actividades escritas na libreta e en fichas impresas.

Traballouse principalmente con números, as cores, o tempo atmosférico, as estacións do ano, a escola, partes da casa, elementos do campo, alimentos, animais de granxa, descripción físicas das persoas, as prendas de vestir e actividades cotiás.

Traballamos comandos e ordes básicas, a través do TPR.

Afianzaron aspectos relativos ás presentacións e saúdos, coñeceron personaxes novos, cancións, xogos, seguiron ordes, escoitaron contos e fixeron actividades de plástica.

Os aspectos socioculturais traballáronse a través das festas típicas de países anglofalantes como poden ser Halloween, Thanksgiving Day, Christmas e Easter.

Os principais recursos utilizados foron o visionado de vídeos, os contos, cancións varias, xogos, dramatizacións, material multimedia, ordenadores, pizarra dixital e actividades de TPR (Total Physical Response). Utilizamos tamén moitos apoios visuais,

tales como carteis, flashcards e material multimedia na pizarra dixital ademais de recursos auditivos varios.

**3º PRIMARIA**

O terceiro curso de Primaria estivo formado por dous grupos de 25 alumnos e alumnas cada un deles.

No terceiro B hai unha alumna con NEE que acada os obxectivos pero á que hai que facerlle alguna adaptación á hora dos exames porque precisa máis tempo que os demais para facelos

Acadan os obxectivos todo o alumnado, ainda que algún deles teñen dificultades para logralo, sobre todo por falta de atención nas clases e pouco traballo de reforzó na casa.

O método empregado, foi "*Rooftops 3", da editorial Oxford*. Tamén se empregou como material complementario algún de produción propia; así como cancións

Traballamos especialmente a comprensión oral, a escrita e os aspectos socioculturais dos países anglófonos.

As destrezas tratadas foron listening e speaking, reading e writing, procurando adicarlle a todas elas os mesmos periodos de tempo.

En canto aos contidos, traballamos conceptos como saúdos, presentacións e despedidas, descrición de obxectos, animais e persoas, dar e pedir información, expresar gustos e preferencias, descrición de animais, a casa e a familia, a escola, os intereses persoais, o corpo humano, as mascotas, a comida, a roupa, os números, o tempo atmosférico e o tempo horario, os meses do ano, as estacións, as letras do alfabeto, asignaturas, deportes... etc.

Traballáronse os seguintes "festivals": Halloween, Thanksgivin, Christmas, Carnival, Easter.

Os principais recursos utilizados foron os contos, o visionado de vídeos, cancións varias, xogos, dramatizacións, material multimedia, ordenadores, pizarra dixital e actividades de TPR (Total Physical Response). Utilizamos tamén apoios visuais, tales como carteis e flashcards.

Fomentouse o traballo en grupo e en parellas para a consecución dos obxectivos,

especialmente no traballo da parte oral.

**4º PRIMARIA**

Neste nível hai dous grupos: A e B, con vintecinco alumnos e alumnas en cada un. En cuarto A hai un alumno con necesidades educativas especiais e outro en cuarto B

Este ano, contamoscon 25 tablets para uso do alumnado deste nivel, o que facilitou a mellora da súa competencia tecnolóxica e o acceso a contidos dixitais personalizados.Propoñemos solicitar á consellería a mellora da cobertura da rede wifi para aproveitar mellor estes recursos.

As destrezas tratadas foron o listening, o writing, o reading e o speaking, tamén tratamos os aspectos socioculturais dos países anglófonos.

En canto aos contidos, reforzáronse os xa aprendidos en cursos anteriores e traballáronse outros novos. Traballamos conceptos como as partes da cidade, as rutinas diarias, os deportes, algunhas enfermidades, animais grandes e pequenos bechos, tipos de películas, plantas de xardín, preposicións, días da semana, meses do ano, alfabeto, números, cores, as súas preferencias, os seus gustos, as horas, etc... Celebramos festividades típicas: Halloween, Thanksgiving, Christmas e Carnival.

Traballamos co libro “Amazing Rooftops 4” da Editorial Oxford, asi como con outros materiais de elaboración propia.

Tamén se empregou o libro de lectura en inglés adaptado ao seu nível “In the big city”.

**5º PRIMARIA**

Neste nível hai dous grupos, A e B.

Nos dous grupos hai 25 alumnos e alumnas.

En 5º A hai dousalumnos con necesidade de reforzo debido a que durante o curso pasado, por causa da pandemia de COVID, estiveron nunha aula separada e tiveron menos sesións semanais de inglês que o resto do grupo.
No grupo B non hai ningún alumno con N.E.E.

As destrezas tratadas foron o listening, o writing, o reading e o speaking, tamén tratamos os aspectos socioculturais dos países anglófonos.
No relativo aos contidos, debido a situación arrastrada desde o curso anterior por causa do coronavirus reforzáronse de xeito moi especial os xa aprendidos en cursos anteriores. Traballamos conceptos como as nacionalidades e os países, a descripción física e de carácter dunha persoa, os saúdos, a descripción dunha cidade, indicar e recibir direccións para ir a un lugar, os medios de transporte, as comparacións entre persoas, as habilidades das persoas, adxectivos calificativos, adverbios de frecuencia, o nome de distintos alimentos, das súas preferencias na comida, da hora.
Celebramos festividades típicas dos países angloparlantes:

Halloween, Thanksgiving day e Christmas

Continuamos no programa Edixgal polo que non traballamos con libros físicos.
Como material non funxible utilizamos o “Amazing Rooftops” activity bookque conta cunha licencia dixital completa para os profesores e para cada estudiante.
Seguimos co fomento da lectura en inglés e durante o curso leron “Danger! Bugs!”.
Outros recursos utilizados foron os contos, o visionado de vídeos, cancións varias, xogos, dramatizacións, ordenadores, material multimedia, pizarra dixital.
Como actividades complementarias.

**6º PRIMARIA**

Neste nível hai dous grupos: A e B.
No dous grupos hai vintecinco alumnos.

No grupo A hai unha alumna con necesidades educativas especiais á que se lle fixo unha adaptación curricular.

As destrezas tratadas foron o listening, o writing, o reading e o speaking, tamén tratamos os aspectos socioculturais dos países anglófonos. Nestas últimas actividades botouse de menos a axuda do auxiliar de conversa.

No relativo aos contidos, debido a situación arrastrada desde o curso anterior por causa do coronavirus reforzáronse de xeito moi especial os xa aprendidos en cursos anteriores. Traballamos conceptos como as nacionalidades e os países, as actividades de lecer, o vocabulario relacionado cos deportes, de obxectos que se poden atopar nunha excavación, dos membros da familia, de adxectivos calificativos das persoas, e de distintos alimentos, os nomes contables e incontables, os superlativos e comparativos dos adxectivos, practicaron a petición de permiso, o infinitivo como intención, traballaronse tamén distintos tempos verbais coma o presente simple e o continuo, o pasado simple en verbos regulares e algúns irregulares, o pasado continuo, o presente continuo como futuro, a expresar obligacións, as conversas nun supermercado, a facer predicións sobre o seu futuro e o dos demáis, o emprego dos pronomes de relativo, o futuro; non se falou do present perfect.
Repasamos os días da semana, meses do ano, alfabeto, números, cores, as horas, prendas de vestir, a descripción física das persoas, dos animais e das cousas, etc...

Celebramos festividades típica: Halloween, Thanksgiving Day, Christmas e Easter.

Continuamos no programa Edixgal polo que non traballamos con libros físicos.
Como material non funxible utilizamos o “Amazing Rooftops” activity bookque conta cunha licencia dixital completa para os profesores e para cada estudiante.
Tamén leron o libro “The lost city”.
Outros recursos utilizados foron os contos, o visionado de vídeos, cancións varias, xogos, dramatizacións, ordenadores, material multimedia, pizarra dixital.

Unha alumna non superou os contidos de inglés.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


Este ano volvemos a contar coa presenza dunha auxiliar de conversa, Christy Carley que colaborou moi activamente no deseño e desenvolvemento de actividades comunicativas como pequeñas obras de teatro para a materia de Lingua Inglesa e o proceso de decoración dos muros dos patios do colexio.

Contamos tamén coa presencia de dúas profesoras norteamericanas en prácticas, dentro do Programa COST no que colabora o colexio, procedentes das universidades de Georgia e Illinois.

**CUALIFICACIÓNS DO ALUMNADO DA ETAPA**

| | 1ºA | 1ºB | 2ºA | 2ºB | 2ºC | 3ºA | 3ºB | 4ºA | 4ºB | 5ºA | 5 º B | 6ºA | 6ºB |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **INSUFIC.** | | | | | | | | | | | | | 1 |
| **SUFIC.** | 2 | 4 | | 1 | 3 | 4 | 1 | 3 | 3 | 4 | 2 | 3 | 5 |
| **BEN** | 3 | 1 | 2 | 2 | 2 | 3 | 2 | 1 | 3 | 3 | 6 | 4 | 3 |
| **NOTABLE** | 7 | 9 | 6 | 3 | 4 | 11 | 11 | 9 | 6 | 6 | 7 | 10 | 12 |
| **SOBRE SAINTE** | 13 | 11 | 9 | 11 | 8 | 7 | 11 | 12 | 13 | 12 | 10 | 8 | 4 |

**BILINGÜISMO**

Durante este curso 2021-2022 impartiuse a asignatura de Plástica Bilingüe nos cursos de terceiro, cuarto, quinto e sexto.
Debido a que o profersorado de inglés definitivo no centro non é suficiente para impartir a materia e que a persoa provisonal que veu (para facerse cargo das horas libres que necesita a xefa de estudios para levar a cabo o seu posto) era compartida con outros dous centros, outros dous mestres titores do centro se prestaron voluntarios a impartir esta materia en inglés.
Os resultados foron satisfactorios e con axuda da auxiliar de conversa comezaron a decorar os patios do centro, actividade que pretendemos continuar.

## *10.4.- MEMORIA DA EDUCACIÓN MUSICAL*

Este curso 2021-2022 foi especialmente complicado debido á pandemia e ao protocolo Covid o que levou a ter que dar as clases de educación musical polas aulas coa limitación de recursos que iso implica, pero dentro desas limitacións , intentáronse desenvolver ao máximo os obxectivos da programación de educación musical como linguaxe musical, harmonía, interpretación instrumental cun novo instrumento , un carillón, adaptado ao protocolo Covid e ao uso da máscara facial por parte do alumnado , práctica musical cos instrumentos trasladados dende a aula de música, construción de instrumentos reciclados, traballo rítmico, coñecemento da historia da música e audicións de diferentes estilos musicais, cantigas con percusión, cancións infantís, danza (danzas xogo, danzas tradicionais, danzas libres e expresivas, elaboración de coreografías de danza contemporánea) , etc. A danza practicamente non se traballou debido a falta de espazo que antes tiñamos para a danza, o salón de actos. O feito de non ter un espazo para a danza, co chan e o espazo axeitado para as danzas libres e expresivas e as coreografías de danza contemporánea, cos metros cadrados necesarios para o movemento libre de 25 alumnas e alumnos, iso fixo practicamente imposible traballar a danza debido a que o patio non é o lugar adecuado pola climatoloxía, a falta de chan e espazo adecuado. Probouse no chan exterior de caucho , pero entre os arrandeadoiros non hai espazo suficiente ademais dos inconvenientes do frío, choiva, sol, etcétera. Intentáronse tamén traballar as danzas tradicionais no patio pero de forma moi limitada polas condicións climáticas. QUERO REIVINDICAR PARA O CURSO QUE VEN QUE A DANZA FORMA PARTE DO CURRÍCULO DE EDUCACIÓN MUSICAL E É UNHA PARTE MOI IMPORTANTE DENTRO DO CURRÍCULO E PARA A EDUCACIÓN E O DESENVOLVEMENTO D@S NEN@S. SEMPRE DISPUSEMOS DO SALÓN DE ACTOS PARA REALIZAR AS ACTIVIDADES DE DANZA (que ten os metros cadrados xustos para o movemento de vinte e cinco nenas e nenos bailando e expresándose coas

cintas de cores) E SOLICITO QUE ASÍ SIGA SENDO POLO BEN DO DESENVOLVEMENTO EDUCATIVO DO ALUMNADO DO CEIP MESTRE VIDE. CONSIDERO QUE NON É BOA IDEA POÑER ALÍ O COMEDOR O CURSO QUE VEN (se xa non o indica o protocolo Covid) E TAMPOUCO É BOA IDEA QUE ESTÉN ALÍ AS MESAS RESTANDO ESPAZOS PARA ACTIVIDADES EDUCATIVAS DO COLEXIO, NON ME PARECE ACORDE COAS INDICACIÓNS EDUCATIVAS DA LOE E LOMLOE RESPECTO DA CALIDADE EDUCATIVA, DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO, INNOVACIÓN EDUCATIVA, ETC, ETC. SOLICITO QUE SE PRESERVEN ESES ESPAZOS TAN IMPORTANTES PARA A EDUCACIÓN ARTÍSTICA. PIDO QUE SE BUSQUE UNHA SOLUCIÓN POÑENDO ALÍ SOAMENTE AS CADEIRAS AO CARÓN DUNHA DAS PAREDES, QUE NON PREXUDIQUE OS ESPAZOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO E A EDUCACIÓN ARTÍSTICA DO ALUMNADO DO CEIP MESTRE VIDE.

## *10.5.-MEMORIA EDUCACIÓN FÍSICA*

**D. FRANCISCO JAVIER PÉREZ IGLESIAS**

### CONSIDERACIÓNS:

O curso que ven de rematar supuxo una fiestra aberta a dinámica deportiva dos nenos.Logo duns momentos nos que familias, alumnos, profesorado, así como o resto dos membros da comunidade educativa vivimos sometidos a una serie de tensións laborais e persoais que, no meu caso me desbordaron na recta final do mesmo e tiven que ausentarme por motivos de saúde.
Os condicionantes socio-sanitarios fixeron da vida escolar un laberinto de normas , as veces contradictorias, que non axudaron moito a felicidade de alumnos e profesores.
Eu sego a pensar que un entorno feliz fai un aprendizaxe mais doado, e reforza positivamente todos os procesos ligados a el.

Tantas limitacións aos contactos persoais dentro do centro que, logo, e de maneira contradictoria sí se daban fóra; fixeron da práctica educativa una tarefa realmente complicada.
Os Mestres, facendo coma sempre, gala dunha profesionalidade excepcional contribuiron a boa marcha do curso, así como a que os alumnos vivirán dentro do centro "coma un curso máis". X asó queda agardar por un vindeiro curso normalizado" e con menos restriccións as relación interpersoais tan necesarias na vida escolar.

**TRABALLO ESCOLAR**
A actividade deportiva, limitada polas normas sanitarias, viviu un proceso de adaptación e tratamos de deixar , en certo modo, a un lado o capítulo contidos para centrarnos máis nos alumnos e as súas necesidades de relacionarse cos compañeiros despois de tanto illamento.
Exploramos todas as posibilidades que nos ofrece o xogo colectivo como veículo de aprendizaxe significativo para o desenvolvemento das capacidades sicomotrices en cada idade. Sen deixar nunca de traballar na mellora das cualidades físicas de cada alumno con moitos traballos de tipo individual.
A volta das actividades extraescolares de tipo deportivo foi un estímulo que tamén axudou a superar o baleiro do pasado curso aproveitando as clases para que os nenos non perderan contacto cos seus deportes preferidos.
Agora tan só queda en agardar o próximo curso , tan lonxe como tan cerca de nós para seguir a traballar neste inesgotable viaxe que ven a ser o ensino.

**PROFESOR ESPECIALISTA: D. Juan Carlos Maceiras Durán**

**EDUCACIÓN INFANTIL 4º, 5º e 6º nivel**

**EDUCACIÓN PRIMARIA 2º A, 2º C e 3º A.**

**CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA**

Neste curso académico 2021 – 2022 tivemos que adaptarnos ao mutante protocolo da COVID-19. Isto supuxo redundar en aspectos como a desinfección de mans e o uso das máscaras. Nun primeiro momento sufrimos a incertidume de poder realizar a Programación tal e como estaba prevista. Debo destacar que a gran dimensión do pabillón permitiu que houbese unha boa ventilación e posibilidade de distancia. Na parte final do curso, as sesións, realizábanse con situación prácticamente normal. En canto ao aula de Pscomotricidade sempre tivemos abertas as fiestras para unha boa circulación do aire. Destacar que unha sesión á semana fíxose uso do pabillón anexo ao centro do "Espazo Xove". Algunhas semanas pola situación de obras

no centro, compartimos nunha sesión semanal a instalación do pabillón do colexio, sen problemas, podendo desenvolver a programación prevista.

En canto ao **alumnado de infantil** (etapa non obrigatoria e sen currículo de EF) a implicación e participación deste foi excelente. A colaboración coas titoras foi excelente, facilitando cantas propostas se lles fixeron do mesmo modo que coa profesora de Inglés, coa que realizabamos intercambio de clase, no medio da sesión. Destacamos que hai tres  nenos en **4º** que podemos considerar no grupo de NEAE. No primeiro trimestre contamos coa axuda das profesoras de prácticas, moi importante, pero consideramos de cara o futuro imprescindible a presenza dunha ATE (Auxiliar Técnico Educativa) "coidadora" con nós, toda vez que non son quen de participar na clase en dous casos. No caso dun deles, as situación de risco vividas, foron constantes: tocar enchufes, situarse preto das fiestras abertas, tocar os elementos electrónicos na metade do seu funcionamento (ordenador, pantallas, equipo de música…) No caso de este alumno que amosaba máis dificultades, para permitir o desenvolvemento da sesión, informouse a Orientadora, unha vez que se tomou conciencia da dificultade e risco que se producía, sen a axuda das profesoras en periodo de prácticas, pero as circunstancias especias do alumno, sen diagnosticar impediron a presenza destas profesionais de axuda nas sesión.

O alumnado de 5º de **Educación Infantil,** os dous grupos son moi distintos. Un grupo, permite levar a cabo todo o traballo proposto, con atención, esforzó, interese e disfrute. Únicamente un alumno, plantexa problemas de relación cos compañeiros e cumprimento das normas, con constantes situación de golpear aos seus compañeiros. Outro alumno, é moi dispar e alterna clases de gran atención e participación, con momentos de apatía e pouco esforzo. Esta situación varía dunha sesión a outra ou incluso na mesma sesión.

O outro grupo, é moito máis inquedo o que fai máis difícil levar a cabo os traballos. Un alumno amosa pouco interese polas actividades, non atende e dificulta as clases, toda vez que molesta aos seus compañeiros en distintos niveis: pegar, abrazar, non deixar escoitar, bicar, agarrar… Algúns alumnos, antepoñen estar co seu amigo ou compañeiro a participar na clase con normalidade, o que provoca moitas situación de conflitos entre eles: empurróns, berros, bágoas... Neste grupo hai unha alumna NEAE.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


Contamos coa axuda dunha ATE (Auxiliar Técnico Educativa) “coidadora” con nós, que permitiu que participase activamente, e en ocasión con axuda, con normalidade.

O alumnado de 6º de **Educación Infantil,** consideramos que o calidade do traballo foi bo. Leváronse a cabo as sesións programadas, o alumnado amosou interese pola materia e participaron activamente. Tivemos o problema, a solventar se fora posible, que a maior parte das sesións eran a última hora, despois do recreo, o que fixo que en moitas ocasións, os alumnos comezaban cansos, hiperactivados e con disputas sen resolver do recreo. Os dous grupos, teñen nenos inquedos, pero en xeral reaccionan ante as advertencias e as ordes.

En xeral, parécenos moi axeitado o formato de dúas sesión semanais, se ben sería interesante facelas antes do recreo, polo dito con anterioridade. Nas sesión de luns, martes e xoves, sempre alargábamos a sesión uns 10-12 minutos, para aproveitar máis o traballo, algo que non puidemos facer na sesión dos venres a terceira hora, xa que a profesora de Música, que tiña clase cun grupo de 4º de Educación Infantil, cando consideraba que era a hora, aparecía na instalación co seu alumnado. Consideramos que sería interesante, establecer algunha medida ou comunicación para que esta situación non se produxise da forma que se producíu.

No referente ao **alumnado de Educación Primaria**.

**2º A.** Neste grupo, ao que lle impartín as materias de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Educación en Valores e Plástica, tivemos unha moi boa dinámica de traballo.

Son un grupo que ao pasar moitas horas con eles, permitíu un maior coñecemento persoal deles e como tentar chegar a cada un dos alumnos. Permitíronnos levar a cabo todas as sesión programadas e a consecución dos obxectivos plantexados.

Dous alumnos amosan un nivel algo inferior ao resto, polo pouco interese pola materia, pouco esforzó e pola súa especial relación de amizade, que lles fai estar máis pendentes o un do outro que dos traballos. Poden mellorar moito no momento que rompan esta sociedade. Unha situación semellante, preséntase con dúas nenas, que se ben traballan máis que eles, ainda están máis pendentes a unha da outra.

**2º C**. É un grupo moi heteroxéneo. Hai un grupo de alumnos, educados, brillantes, e con moito interese e capacidade de traballo. Outro grupo, na avaliación inicial, amosa pouco nivel na realización de tarefas básicas, pouco esforzo e interese e

sen ser maleducados, están máis pendentes das súas sociedades ou estar cos seus admirados compañeiros que de ser quen de traballar, buscando a súa mellora. Conseguimos a partires do mes de abril, unha mellora no traballo en xeral e do desenvolvemento das clases, algo que se lles remarcou constantemente. Algúns alumnos móstranse moi inmaduros, na xestión de conflictos leves entre eles.

Un alumno brillante académicamente, pero con NEAE, tivo momentos brillantes de participación nas clases e realización das tarefas, con outros, nos que por cansancio, frustración por non realizar o proposto, ou por "perder" nos xogos, perde o control e é quen de golpear ou morder aos compañeiros, maltratar o material o escapar sen control as gradas dos vestiarios. Nunha sesión contamos coa presenza dunha ATE (Auxiliar Técnico Educativa) "coidadora" que nos facilitou moito o control neste momentos perigosos de "colapso" por parto do alumno. Nos primeiro meses do curso, tivemos ás veces un profesor de prácticas para axudarnos, xa que non había coidadora. Tras marchar o profesor de prácticas, houbo momentos en que estivo presente un membro de Equipo Directivo, e outros en que estivemos sen axuda algunha, algo que nos parece imprescindible neste caso.

Plantexamos ao longo do curso, dous cambios horarios. Cambiar as sesión 2ª e 3ª do mércores, para que este alumno con NEAE poidera ter clase no pabillón don centro e non en Espazo Xove, cambio que foi autorizado polo Equipo Directivo.

Plantexamos do mesmo xeito cambiar as sesión 2ª e 4ª do venres, para poder contar coa presenza de coidadora, que preguntada, informou que disponía de posibilidade horaria, do mesmo modo que a profesora titora de 2º C, sen afectar ao cadro de profesores de garda, pero este cambio non se levou a cabo, co cal non tivemos a imprescindible presenza desa profesional. Consideramos que de cara ao futuro, sería interesante ademáis da presenza da coidadora, ter clase con este alumno en algunha das sesión previas ao recreo, toda vez que o calor e as alteracións emocionais propias de momentos de non control como o recreo, afectánlle negativamente e moitas veces, comeza a clase con mala dinámica.

**3º A.** Na avaliación inicial, sorprendeunos o baixo nivel que amosaban en actividades básicas: non eran quen de rodar, tiñan dificultades para lanzar e recibir obxetos lanzados por eles mesmos, costáballes cambiar de tarefa sen excesiva pérdida

de tempo, e o ciclo ATENDO-ENTENDO-TRABALLO, era complicadísimo para moitos deles.

Son un grupo moi dispar en canto a atención, interese e esforzo. Algúns alumnos melloraron ao longo do curso e amosaban real interese por agradar e dominar a súa tendencia a non permitir dar clase, non atender e non entender os traballos propostos. Outro grupo combina non atención, non interese, pouco interese pola materia, o que implica, mala realización ou comprensión das tarefas, frustración, enfado e conflitos.

Un alumno diabético, plantexa uns condicionantes distintos para o desenvolvemento das sesións. En continua comunicación coa titora, seguimos o protocolo de toma de glucosa ao comezo da clase, e na metada da mesma por mín e ao final da sesión pola titora. No caso que non tivese os niveis mínimos, comunicabamos coa titora, que lle traía os alimentos para buscar o restablecemento dos niveis precisos. En ocasións os elementos de medida non funcionan, e tomamos as medidas que consideramos máis axeitadas. En ocasións o alumno, amosa niveis doutras sesións, horas ou días ou incluso minte decindo que está a bo nivel e ao comprobalo, ver que non chega nin de lonxe aos niveis mínimos precisos.

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

Este curso polas circunstacias que se mencionaron na introdución apenas se fixeron actividades complementarias nin extraescolares relacionadas coa materia.

Con todo, no mes de xuño o alumnado de 3º tivo una actividade de Educación Vial na que aprenderon contidos a través do uso das bicicletas.

Durante todo o curso no centro desenvolvéronse actividades fóra do horario escolar como fútbol sala, baloncesto, bádminton etc. Con autorización do Director, un grupo de alumnos do equipo Benxamín Mestre Vide Blanco, realizaban un día a semana un adestramento de unha hora e quince minutos, complementario dos que levaban a cabo cos responsables de actividade extraescolar. Propúselles ofertarllo a máis alumnos, pero consideraron que non era necesario, así que comezamos con algúns alumnos, para rematar coa totalidade dos alumnos de Cuarto curso de Educación Primaria, que incluso nalgúns casos cambiaron outras actividades externas, para poder acudir.

Sinalar neste punto que o alumnado  dispuxo de material para xogar nos recreos. Os días que eu tiña vixianza de recreo, dacordo o número e idade dos alumnos, ofertaba

uns ou outros materiais. Os días que non tiña, deixaba outra cantidade de materiais, en previsión de evitar conflitos.

Cremos que podería facerse algún tipo de proposta para mellorar a organización do tempo de recreo, no relativo a actividade física, uso de espazos e organización dos mesmos, pero esto implica unha participación dunha parte do Claustro ou a asignación desa tarea a algún mestres. Gustounos que se aceptase unha proposta nosa, de que o patio de columnas e con columpios, fose asignado todo o ano, ao alumnado de 1º de Educación Primaria, pois entendemos que son o grupo de idade, que máis uso pode darlle aos columpios.

Consideramos fundamental un inventario ou recoñecemento de que materiais, son do centro e cales de actividades extraescolares. Producíuse un descontrol, no que algún material co que se conta, non está no centro dun día para outro, ver materiais con uso inadecuado en actividades nas que non é preciso. Do mesmo modo algún materiais de Educación Física, que estaban contabilizados de cara a un por alumo, foron dispostos para o uso libre dos alumnos nos recreos, coa situación que canda se contaba con él para as clases, non se atopaba onde se esperaba. Paulatinamente, fomos levando material do almacén para a oficina do pabillón, pero cremos que debería haber algún control e reunión das partes implicadas, para evitar estas situación de non saber de quen é cada cousa, cando estará a disposición para as clases e como se coida o material común.

Consideramos que sería interesante dotar a instalación dalgunhas espaldeiras máis e pese a solicitar á Consellería de Educación o envío de bancos suecos de 2 metros, xa que hai poucos, non teñen ganchos e algúns están deteriorados, non se fixo tal envío, co que haberá que tirar de orzamento do centro para compralos.

**ADQUISICIÓN DE MATERIAL.**

Desde o centro ofertouse en todo momento mercar o material que fora preciso. Realizamos pouca compra para ver as circunstancias e tomar maior conciencia do que era urxente e accesorio.

Ao longo deste curso académico mercouse :

- 10 vallas de 30 cm.

- 5 escaleiras de axilidade.

Algún material propio que levei e permanece no centro para o desenvolvemento das sesión é:

30 conos amarelos baixos.

30 pelotas tamaño tenis de foam.

30 cintas amarelas de marcado de pistas.

Set de 5 vallas para montar de 10 setas e 5 picas.

De cara o vindeiro curso, mercaremos material imprescindible que está deteriorado ou que pretendemos que sexa únicamente para usar nas sesións dos mestres de Educación Física.

**PROPOSTAS VINDEIRO CURSO.**

Xa indicamos con anterioridade as situacións que consideramos poden ter algunha modificación para poder levar o noso traballo a cabo en mellores circunstancias, facendo algunhas propostas. Ademáis desas, consideramos que ainda que a día de hoxe non coñezamos con seguridade o número de grupos de alumnos por nivel, consideramos que de cara a unha coordinación, a ir na mesma liña, respectando o dereito do compañeiro de máis antigüidade a elexir niveis, deberase tentar que non se produzan situacións tan anómalas e inusuais, como que un dos mestres imparte clase a unha parte dos alumnos dun nivel e o outro a outras clases do mesmo nivel. A situación de que un imparta 2º A, 2º C e 3º A, e o outro 2º B e 3º B, resulta incomprensible, para este mestre de Educación Física, para os compañeiros, os pais e gran parte da Comunidade Escolar. Entendemos, insisto en que o criterio de permanencia no centro debe prevalecer, ao elexir cursos, pero na nosa opinión debería ser elexir, sempre que sexa posible niveis enteiros, xa que a descoordinación, as programacións distintas, distintos criterios de avaliación e distintas metodoloxías, fan que alumnos dun mesmo nivel e centro, vivan dúas situación totalmente distintas, o cal fai pouco ben a imaxe e liña de traballo, e algúns traballos, se non se realizan nunha idade, despois chégase tarde e o que é peor, cuns alumnos que dominan esas cuestión e outros que non as fixeron. Non decimos que unhas sexan máis importantes que outras, pero si que o mesmo nivel, deberá ter traballados os mesmos contidos.

Establecer unha reunión para saber que material e de cada quen e quen pode úsalo e como.
Posibilidade de organizar os almacéns de xeito máis operativo.

**HORARIO COMPARTIDO CON 2º A.**

Completei o meu horario de Educación Física con sete horas de docencia de Ciencias Naturais, Ciencias Socias, Educación en Valores e Plástica no grupo de 2º A. Pese a non ter dado prácticamente nunca clase en Aula foi unha experiencia moi satisfatoria o cal veu facilitado por compartir grupo con María José Caride, a quen coñecía con anterioridade, e pola cal teño un gran respeto profesional e persoal. Os alumos acadoron os obxectivos propostos, e o ter clase nas primeiras sesións, houbo bo clima de traballo. Considero que se volve a producir unha situación similar de compartir titoría, sería fundamental dispor dunha hora no horario para poder falar coa Titora, sobre o tipo de traballo a realizar, a liña a seguir, xa que sendo ela Secretaria do Centro, con traballo e actividade que implica, e eu un mestre que daba clase en catro espazos distintos e a dez grupos distintos, prácticamente falabamos únicamente cando un saía da aula e outro entraba, co cal producíronse situacións de pouco comunicación ou duplicidade de traballos. Os momentos nos que tivemos maior comunicación foron as reunión e titorias individuais cos pais e nais, xa que en todas, estivemos presentes os dous, agás as que coincidiron con reunión de avaliación de Educación Infantil.

***10.6.-MEMORIA DE RELIXION CATOLICA***

A clase de relixión é un encontro entre a mensaxe de Xesús, os estudantes e o profesor.
Descubrimos xuntos a mensaxe de Xesús e a compartimos.Desfrutamosdunha relación especial, un ambiente alegre e de confianza que nos permitirá preguntar e atoparrespostas as nosascuriosidades.Na aula todos podemos compartir, falar, escoitar os demais e aprender deles.

- Xuntos compartimos as historias bíblicas.
- Xuntos descubrimos o rastro que os cristiánsdeixaron na historia.
- Xuntos aprendemos a escoitar o silencio.
- Xuntoscoñecemos e admiramos persoas que melloraron a súa vida e a

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


dosdemais.

Neste centro hai dúas profesoras que imparten a asignatura de Relixión Católica nos niveis de Educación Infantil e Educación Primaria nun total de 19 unidades quedando distribuidas do seguintexeito.

- **<u>María Matilde González Iglesias :</u>**
-
- Cursos Educación Infantil (4ºBe,5ºB,)
- Educación Primaria (1ºB 1ºA,2ºA,2ºB, 2ºC 3ºA,3ºB,4ºA,4ºB,5ºA,5ºB,6ºA, 6ºB)
- **<u>María Teresa Blanco Fernández:</u>**
- Cursos 4ºA , 5ºB 6ºA, 6ºB de Educación Infantil
-

No referenteó número de alumnado matriculado en relixión católica neste curso académico 2020/21 foi o seguinte.

4º E.Infantil. 16 alumnos
5ºE. Infantil. 17 alumnos.
6º E.Infantil: 19 alumnos.
1º E. Primaria: 25 alumnos.
2º E. Primaia:24 alumnos.
3º E.Primaria: 31 alumnos.
4º E. Primaria: 27 alumnos
5º E. Primaria: 28 alumnos
6º E. Primaria: 29 alumnos

**<u>OBXECTIVOS</u>:** Ao longo do curso tanto na etapa de Educación Infantil coma na de Educación Primaria acadáronse os seguintesobxectivos:

- **Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas.**
- **Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en simesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.**
- **Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociaiscos que se relacionan.**
- **Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas, as diferentes relixións e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.**
- **Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.**

- **Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nassúas relación cosdemais, así como unhaactitude contraria á violencia, aosprexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.**

## MATERIAIS E METODOLOXIA

**N**este cursoempregouse a editorial Vinces vives para os cursos. cursos de Educación Infantil e 1º e 2º e 3º e 4º Educación Primaria, o **método LANIKAI** da Editorial VINCES VIVES,
.Este método presentaósestudantes de forma atractiva, con gran visibilidade o proceso de aprendizaxe, nun ton próximo e amigable e ademais, cultiva o desexo de seguir aprendendo. Cada unidadeconclúecun breve avance dalgúnsdos contidos do seguintetema.
.

Este método impárteseen castelán. Nos cursos superiores emprégase o método Edixgal, e dentro del traballamostamén coa editorial Edebé. Como apoioao texto todos ós alumnos de Primaria asistironunha vez ó mes á aula de informática para complementar os temas,facer t raballosindividuais e xogar coa Biblia interactiva. Utilizamos ferramentasdixitais como Kahoot, Liveworsheets, Educaplay para que de un xeito lúdico completaran a suaaprendizaxe na aula.

Nalgún tema incluso fixéronse visionado de películas propostaspolaseditoriais para posteriormente facer coloquio e traballosindividuais.Ó longo deste curso os alumnos traballaron sobre estas películas :

- El viaje de María (2010)
- Campeones (2018).
- Del Revés (2015).
- Wonder(2017).
- El valiente Desperaux. (2008)
- El príncipe Feliz.(2016)
- Turning Red.( 2022)

En Educación Infantil tamén utilizamos o cine e a música como complemento ós temas propostosnas festividades sinaladas da RelixónCatolica e dicir Nadal e Semana Santa….Os alumnos/as fixerontraballosmanuais e pequenascelebracións dentro da aula. Participamos activamente nos muráis expostos no colexio e no día da Paz.

## AVALIACIÓN

O 100% do alumnado de relixiónsuperou a materia así como a maioría dos obxectivospropostos na Programación Anual.A avaliaciónrealizouse de forma

globalizada e integral, tendo en conta non só os contidos adquiridos senóntamén a actitude, o interese, o esforzo realizado, o traballo de clase, e o comportamento do alumno/a.
Noraboa a todos os alumnos/as polo seutraballo e a súa participación na aula.
As profesoras de Relixión Católica.

### *10.7.- MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN*

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes no seu artigo 75.3 "A avaliación da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade realizarase á finalización de cada curso escolar, por parte do departamento de orientación. O informe darase a coñecer ao claustro do profesorado e entregarase á dirección para a súa incorporación a memoria anual do centro".

Así mesmo seguindo as directrices do Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e pola Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, ao final do curso os departamentos de orientación realizarán unha memoria na que se recollerán, polo menos, os seguintes aspectos A) B) e C) que a continuación se desenvolven:

### A) MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NO PROCESO DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE ORIENTACIÓN, PROGRAMA OU PROGRAMAS E CAMBIO, SE PROCEDE, NA REALIDADE EDUCATIVA.

O Departamento de Orientación do CEIP Mestre Vide, no presente curso escolar, e segundo o establecido no artigo 3 do Decreto 120/1998, do 23 de Abril, tivo modificacións pois houbo unha substitución en Audición e Linguaxe, así formaron parte do Departamento do Orientación durante o presente curso escolar:

- ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, MANUEL — Coordinador de 5º e 6º de E.P. destino definitivo
- BARATA QUINTAS, ROSA MARÍA — P.T. A destino definitivo
- CACHALDORA SÁNCHEZ, CRISTINA — P.T. D destino provisional
- CARIDE PÉREZ, MARÍA JOSÉ — Coordinadora 1º e 2º de E.P. destino definitivo
- DOVAL PÉREZ, MARÍA TERESA — Coordinadora de 3º e 4º de E.P. destino definitivo
- FERNÁNDEZ DEL RIO, ANA BELÉN — P.T. C - ATENCIÓN PREFERENTE
- FERNÁNDEZ PACHÍN, SHEREZADE (permiso) — A.L. B destino provisional

*Substituída dende 10/09/2021 ata 26/10/2021 por:*
*DÍAZ BLANCO, ALEXANDRA*

- FERNÁNDEZ VIDAL, MARÍA LUISA Xefa De Estudos destino definitivo
- GARRIDO VILA, ANA LUÍSA P.T. B destino definitivo
- HERNÁN LÓPEZ, MÓNICA Xefa Departamento de Orientación destino definitivo
- REPRESA LLOVES, MERCEDES DEL PILAR Coordinadora Educación Infantil destino definitivo
- VILLAR GARCÍA, VANESA MARÍA A.L. A destino provisional
- CASTRO REBOREDA, MARÍA INMACULADA P.T. ARCO media xornada (07/10/2021 ata 21/12/2021)
- VARELA RODRÍGUEZ, ALBA P.T. PROA+ media xornada (15/10/2021 ata 15/06/2022)

Deixar así mesmo constancia neste punto que as reunións do Departamento de Orientación e por mor da pandemia da Covid deuse a opción de asistir as reunións a través da aplicación Ciscowebex, opción que non foi utilizada por ningún dos compoñentes do Departamento de Orientación, sendo presenciais as reunións realizadas.

**B) VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS NO DITO PLAN, ASÍ COMO A IMPLICACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS DIFERENTES PROFESIONAIS QUE COLABOREN NEL.**

**B.1. Reunións do Departamento de Orientación.**

Os membros que constitúen o departamento realizaron reunións os martes de 17 a 18 horas; sempre que non houbese outras que impedise reunir a todo o departamento. A maiores a xefa do departamento e as mestras e mestres de AL e de PT, así como o profesorado titor ou especialista, reuníronse sempre que foi necesario para coordinar o seu labor docente.

No mes de setembro, ademais dos informes de fin de etapa, realizouse unha coordinación telefónica co departamento de orientación do “IES As Lagoas” ao que está adscrito o centro, co fin de transmitir a información do alumnado que formalizou alí a matrícula. En referencia ao alumnado que se matriculou noutros centros educativos, tanto en centros de Educación Secundaria como de Primaria e Infantil, a orientadora facilitou, ademais dos informes correspondentes, as coordinacións telefónicas e a información que os departamentos dos mesmos requiriron.

**B.2. Dotación de material**

A cargo do presuposto do centro foi adquirido, porque se considerou necesario os cadernos do BADyG para os alumnos e alumnas de 2º e de 4º de Educación Primaria.

Tamén se utilizaron os servizos do WISC-V para todo o alumnado que se necesitou.

Mercáronse materiais específicos para a Atención á diversidade.

Ademais renovouse a cadeira e unha das mesas do despacho.

**B.3. Actividades desenvolvidas polo departamento**

Conforme co establecido no Plan de Orientación anual, as actividades organízanse basicamente en dous ámbitos principias:

**B.3.1. En relación co Plan de Atención a Diversidade (PAD)**

- **Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. NEAE.**

Continúase co seguimento do alumnado con NEAE xa detectado en cursos anteriores un total de 74 alumnos, producíndose 7 baixas e 10 incorporacións.  Quedando un total no mes de xuño de 77 expedientes abertos.

Catro profesores de **Pedagoxía Terapéutica** e dous de **Audición e Linguaxe** prestaron atención a un total de 98alumnos/as.

- PT A, aportou unha resposta educativa a un total de 14 alumnos (2 mais que o curso pasado) de Educación Primaria. O alumnado que recibiu esta atención estaba escolarizado en 5º e 6º nivel de Educación Primaria. Os reforzos centráronse nas áreas de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas. Un dos alumnos cursa con AC.

- PT B, deu resposta educativa a 9 alumnos, (3 mais que o curso pasado), escolarizados en 1º, 2º e 3º de Educación Primaria. Os reforzos no 1º nivel de EP centráronse na aprendizaxe da lectura, da escritura e do cálculo, apoiando unha alumna con cromosomopatía que cursa con AC no 3º nivel.

- PT C,  mestra do grupo de oito alumnos e alumnas de AACC (3 alumnos de 6º nivel e 2 alumnos e 3 alumnas de 5º nivel de Educación Primaria) grupo que se desdobraba tanto por niveis como por liñas, por mor da pandemia, recibindo enriquecemento curricular fora da aula. Prestou apoio a 2 alumnos con nee en 4º nivel de Educación Infantil. Ademais de a 12 alumnos e alumnas a con necesidade de apoio específico nas aulas de 1º, 3º, 5º e 6º de Educación Primaria, dentro das aulas ordinarias.

- PT D, mestra de Atención Preferente (PT) a unha alumna con TEA escolarizada en 5º de Educación Infantil, ademais apoia a dous alumnos con necesidades escolarizados en 4º de Educación Infantil. Colaborando coas titoras para facilitar a maior inclusión e o desenvolvemento das aprendizaxes dos tres alumnos.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


- AL A, deu resposta educativa a un total de 22 alumnos. Este alumnado cursa na etapa de Educación Infantil e na Educación Primaria ata 4º. Entre eles 5 alumnos con TEA, 1 con TEL, 6 con TSH, 1 con Discapacidade auditiva e dificultades de aprendizaxe, 1 discapacidade visual e trastorno de aprendizaxe, 3 con atraso da linguaxe e o resto con dificultades na aprendizaxe da lectoescritura.

- AL B, ocupaba parte do seu horario na titoría de 5ºB, e deu atención de AL co "Programa de estimulación da linguaxe oral" en Educación Infantil así como sesións individuais a 2 alumnos de 5º E.I, 1 alumna de 6º de E.I, 3 Alumnos de 1º de E.P, e 1 alumna de 6º de E.P). Sendo a maioría dos casos dificultades da linguaxe, centrándose tanto na comprensión como na expresión escrita o traballo a desenvolver.

  Dentro do Programa Recupera-T tivemos:

  PT PROA+: mestra que deu apoio dentro de aula, dende outubro a xuño ao alumnado escolarizado en 6º de Educación Primaria sendo un total de 9 o alumnado apoiado.

  PT ARCO: mestra que deu apoio dentro de aula dende outubro a xuño ao alumnado escolarizado en 4º e 5º de Educación Primaria sendo un total de 16 o alumnado apoiado.

- **Detección e valoración psicopedagóxica de alumnos/as.**

Cando se detectan dificultades no alumnado do centro, ben dende as familias ou ben derivados dende o profesorado, e unha vez solicitados os permisos correspondentes ás familias; realízanse as entrevistas e a observación directa do alumno ou alumna. Decidindo a continuación o procedemento a seguir:

- Derivación a Unidade De Saúde Mental SERGAS
- Realización de probas psicométricas
- Solicitude de intervención do EOE de Ourense, a través da inspección educativa.

Realizouse un cribado mediante a proba colectiva BADyG, a que nos proporcionou información dos puntos fortes e débiles dos grupos, no segundo e no cuarto nivel de Educación Primaria, na que colaboraron as cinco titoras. Posteriormente enviaronselle os resutados ás familias e levouse a cabo unha entrevista con todas as que o solicitaron para informar sobre os resultados individuais da aplicación colectiva da proba.

Neste curso elaboráronse 27 informes psicopedagóxicos distribuídos do seguinte xeito:

- Educación Infantil: 5 alumnos/as

- Educación Primaria: 22 alumnos/as

Realizouse unha demanda de intervención ao EOE, a especialista de Audición e Linguaxe para Educación Primaria. Mantívose a coordinación coa especialista de AACC para rematar a avaliación e realizar o seguimento deste alumnado.

No centro hai 2 alumnas que contaron cunha Adaptación Curricular, unha delas remata a etapa e matriculouse en Educación Secundaria. A outra alumna, como se propuxo na derradeira avaliación do curso escolar, ampliarase a adaptación a Lingua Castelá e Lingua Galega.

No proceso de admisión de alumnos que se incorporan en 4º curso de EI para o vindeiro curso, así como as novas incorporacións as vacantes dos cursos de EP, non constan nee polo momento.

- **Programa de apoio o profesorado**

Asesoramento ao profesorado en todo o relacionado coa detección das necesidades educativas especiais do alumnado, atención individualizada, organización dos apoios, medidas metodolóxicas mais recomendables, atención ao alumnado con problemas de conduta e participación nas titorías cos pais, sociogramas, etc.

- **Relacionadas cos pais/nais**

Asesoramento as familias do alumnado, ofrecendo a súa atención as familias que así o demandaron, dispoñendo para eso o horario dos martes pola tarde, de 16 a 17 horas, pero actuando coa maior dispoñibilidade posible tamén no horario de mañá, co obxecto de que ningunha familia se sentise desatendida.

Moitas delas fixéronse a través do telefono e tamén intercambiouse información polo correo electrónico.

A finalidade destas reunións e facilitar a colaboración familia - centro educativo, para acadar o máximo desenvolvemento de todo o alumnado poñendo á súa disposición todos os recursos humanos e materiais cos que contamos.

**B.3.2. En relación co Plan de Acción Titorial (PAT)**

- **Relacionadas co centro**

Asesoramento ao equipo directivo, sempre que o solicita. Entre outros na formación/división dos agrupamentos do alumnado.

- **Relacionadas cos titores e profesores**

Dende o inicio de curso deuse información e asesoramento ao profesorado para facilitar que a resposta educativa á diversidade presente nas diferentes aulas, reciba unha atención máis precisa e coordinada, realizando todas as reunións que se precisaron con titores e especialistas.

A xefa do departamento así como os profesores de PT e AL participaron nas sesións de avaliación, intercambiando información co resto do equipo de profesores, para ir axustando as respostas educativas e as medidas de atención ao desenvolvemento do alumnado con NEAE. Incídese especialmente en destacar o valor formativo da avaliación.

- **Relacionadas co alumnado**

Durante o presente curso escolar leváronse a cabo diferentes actuacións, algunhas grupais e outras individuais, propias do Departamento de Orientación co alumnado para a mellora de: hábitos de estudo, condutas disruptivas, autoestima,… complementando a acción do profesorado.

Orientación académica ao alumnado de 6º nivel de Educación Primaria. Fixemos no mes de maio unha visita ao IES AS LAGOAS guiada pola directora do centro, para coñecer as dependencias e a algúns profesores. Puideron preguntar ao alumnado e ao profesorado polas súas inquietudes.

- **Relacionadas cos pais/nais**.

Realizáronse actuacións conxuntas co profesorado e as familias do alumnado co fin de dar pautas para mellorar a convivencia dentro das aulas. Facilitouse información, pautas e material ás familias para traballar na casa cos seus fillos.

**B.3.3. Actividades de coordinación**

Colaboración cos membros do EOE para o tratamento de casos do centro e solicitude de asesoramento para valoración de novos casos.

Reunións con terapeutas que traballan co alumnado do centro co fin de mellorar o seu desenvolvemento: “Unidade de Saúde Mental Infanto Xuvenil”, psiquiatra, psicólogo, logopedas, servizos sociais, asociacións, fundacións, etc.

**C) CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS CONCRETAS DE MELLORA.**

A valoración do traballo desenvolvido polo departamento de orientación é positiva, tanto no grao de consecución dos obxetivos establecidos no plan de orientación, así como na implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboraron nel.

Debemos destacar de xeito moi positivo o esforzo do alumnado, da maioría das familias, do profesorado en xeral e do equipo directivo en particular, colaborando en todo momento para solucionar as dificultades educativas coas que nos seguimos atopando sobre todo ao inicio de curso, derivadas da pandemia.

Non houbo modificacións substantivas introducidas no proceso de desenvolvemento do plan de orientación agás os protocolos e restricións sanitarias.

Con todo, nunha organización que persegue uns obxectivos tan complexos como son os da institución escolar, sempre quedan aspectos por mellorar. En relación co Departamento de Orientación o funcionamento do mesmo e óptimo, se traballa con toda a comunidade educativa do centro, e en especial co alumnado NEE.
Inda así propoñemos como melloras cara o próximo curso:

1. Continuar a dinamizar a coordinación cos profesores titores (reunións, equipos de traballo...) para o desenvolvemento do PAT e o PAD.

2. Continuar, e ampliar aos niveis pares, as avaliacións colectivas mediante o BADyG o que permitirá a prevención e polo tanto que a escola sexa consciente das necesidades que temos para conseguir o máximo desenvolvemento de todos os alumnos e alumnas.

3. Comezar a instaurar un programa sistemático de comprensión lectora que nos poida axudar a mellorar a capacidade de comunicación do alumnado.

4. Solicitouse unha ampliación nas prazas de PT para poder dar cabida na atención á diversidade ao alumnado con AACC. Ter en conta que: todas as aulas teñen 25/24 alumnos, existen no centro alumnado con NEE aos que nos corresponde dar unha resposta educativa axeitada, que lles permita desenvolver ao máximo as súas capacidades, ademais do alumnado con NEAE. Por todo elo faise necesaria unha atención individualizada por parte das especialistas de AL e PT, tanto co alumnado como coa confección de materiais para o mesmo. Sen esquecer que as medidas de apoio a este alumnado son máis eficaces nos primeiros cursos da súa escolaridade.

A Xefa do Departamento de Orientación

Mónica Hernán López

## *10.8.- MEMORIA DAS AULAS DE PEDAGOXÍA TERAPEUTICA*

### AULA 1

**Profesora: Rosa Barata Quintas**

Durante o curso 2021/2022 asistiron a apoio una media de doce  nenos en  modalidade compartida  ou individual, tres alumnos asistíron a aula de Apoio sempre de maneira individual, unha ten ACS, outra veu so o último trimestre,e un alumno que veu unha sesión semanal tamén individual.
Os nenos que asisten a esta Aula son de diferentes cursos:

Catro alumnas de 6º curso:
Dúas son  de 6°A . Unha delas  so veu o primeiro  trimestre e outra ven en modalidade individual cinco horas semanais.
Dúas son de 6º B e asisten tres horas semanais a matemáticas e linguas: galega e castelá

Cinco alumnos  de 5ºcurso:
Tres son de 5ºA  e dous de 5ºB. Os de 5°A asisten a reforzo de matemáticas, lingua castelá e língua galega tres horas semanais.
A alumna de 5° B recibe apoio en modalidade  individual tres horas semanais, en matemáticas, lingua castelá e lingua galega. O outro alumno veu a reforzó das línguas: galega e castelá os dous  primeiros trimestres.

Cuatro alumnos de 4ºcurso:
Son de 4ºA.  Viñeron  en  modalidade compartida catro horas semanais, agás un alumno que viña de forma individual una hora. Reforzamos matemáticas, língua galega e língua castelá.

Unha alumna de 2° curso:
E de 2° C, asiste a Aula de Apoio tres horas semanas o último trimestre en modalidade individual, a reforzar matemáticas, lingua castelá e lingua galega.

Os obxectivos propostos o inicio do curso foron acadados por algunhos dos alumnos na medida das súas posibilidades.

**AULA 2**

**Profesora: Ana Luísa Garrido Vila**

Durante este curso recibiron apoio os seguintes alumnos.

EDUCACIÓN PRIMARIA.

- 2 Alumnos escolarizados en 1ºA

Presenta dificultades a nivel madurativo que se manifestan preferentemente na lectoescritura e na resolución de problemas.

Recibiron apoio catro horas semanais, dúas dentro da aula ordinaria e un deles ademais dúas horas na aula de P.T.

Os obxectivos perseguiron acadar unha maior autonomía, fomentar o esforzo persoal. Acadar mellor comprensión das tarefas a realizar. Adquisición da lectoescritura. Mellorar o autocontrol. Desenvolver estratexias para a resolución de problemas contextualizados.

Obxectivos conseguidos ao nivel de 1º de Primaria.

- 1 Alumno escolarizado en 2ºA.

Presenta certa dificultade de percepción visual, pequeno retraso a nivel madurativo, que se manifesta preferentemente na lecto escritura.

Recibiu tres horas semanas de apoio , dúas horas dentro da aula ordinaria e unha na aula de p..

Os obxectivos estiveron encamiñados a potenciar os seus procesos cognitivos básicos, favorecer a adquisición da lecto-escritura, mellorar a súa grafía e aumentar a súa autoestima. Obxectivos conseguidos en gran medida.

- 2 Alumnas escolarizadas en 2ºB.

Unha delas presenta discapacidade motora de tipo espástica, o cal provoca dificultades na grafomotricidade. A outra alumna presenta certas dificultades de tipo perceptivo que se manifestan preferentemente na lecto-escritura.

Recibiron apoio tres horas semanais, dúas dentro da aula ordinaria e unha na aula de P:T..

Os obxectivos relacionáronse coa mellora dos procesos cognitivos básicos en especial coa atención, mellorar a motricidade fina e grosa e favorecer a adquisición da lecto-escritura.

- 2 Alumno escolarizado en 2ºC.

Un amosa dificultades nas función executivas, maiormente no autocontrol e presenta en ocasións conductas disruptivas. Tamén nas habilidades adaptativas e escaso desenvolvemento das relación interpersoais, tanto no seu mantemento como na comprensión das mesmas.

Recibiu apoio dúas horas semanas dentro da aula ordinaria.

Os obxectivos estiveron encamiñados a potenciar as funcións executivas(planificación, autocontrol), potenciar habilidades sociais e diminuír conductas non desexadas. Estos obxectivos non se acadaron.

O outro alumno presenta dificultades para centrar e manter a atención , pois padece unha pequena perdida auditiva e ademais precisou empezar a empregar gafas o longo do curso. Ademais presenta dificultades de tipo preceptivo.

Recibiu dúas horas semanais dentro de aula ordinaria e dúas fora na aula de P.T.

Os obxectivos estiveron encamiñados a mellorar a atención , percepción e comprensión e expresión escrita. Só se conseguiron en parte.

- 2 Alumnos escolarizados en 3ºB.

Unha alumna que presenta cromosopatía autosómica. Retraso madurativo e da linguaxe. Dificultades nas áreas de comunicación, na centración e no mantemento da atención e baixa autonomía. Con adaptación curricular na area de matemáticas.

Recibiu apoio seis horas semanas , dúas dentro da aula ordinaria e catro fora.

Outro alumno amosa dificultades de aprendizaxe debido a falta de atención e concentración.

Recibiu apoio dúas horas semanas dentro de aula ordinaria.

Con estes alumnos traballáronse obxectivos encamiñados a conseguir una maior autonomía nas tarefas. Organización, planificación, anticipación, para mellorar as funcións executivas. Procesos cognitivos básicos especialmente os relacionados coa atención. Afianzamento da lecto-escritura. Estratexias de cálculo e resolución de problemas. Autoestima e potenciación das relacións socio-afectivas co grupo clase.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


**AULA 3**

**Profesora: Cristina Cachaldora Sánchez.**

**1.- Alumnado obxecto de atención educativa:**

Durante o curso 2021-2022 recibiron atención docente directa de PT un total de 18 alumnos pertencentes as aulas de: 3 anos, 1º de Primaria, 3º de Primaria, 5º de Primaria e 6º de Primaria.

Debido ao Protocolo Covid non houbo mesturas entre alumnos de diferentes grupos para poder manter así grupos burbulla.

**2.- NEAE do alumnado:**

As necesidades dos alumnos atendidos durante este curso foron as seguintes:

- 2 alumnos con posible diagnóstico TEA.
- 6 alumnos con altas capacidades.
- 2 alumnos con TDAH.
- 6 alumnos con dificultades de aprendizaxe.

**3.- Modalidade de atención:**

Dos 18 alumnos atendidos no presente curso, 12 recibiron apoio dentro da aula ordinaria e, os 6 restantes (alumnos con altas capacidades), na aula de apoio para levar a cabo un programa de enriquecemento curricular.

**4.- Obxectivos e contidos traballados:**

No caso dos apoios realizados dentro da aula ordinaria, a miña tarefa centrouse en reforzar os ámbitos de experiencia e as áreas instrumentais básicas, traballando en Primaria como obxectivos prioritarios todos aqueles relacionados coa expresión e comprensión oral e escrita, o razoamento lóxico-matemático, a numeración e as operacións básicas. No caso de Infantil o apoio centrouse en traballar as habilidades sociais, a aceptación de normas, a linguaxe oral e intencionalidade comunicativa e conceptos básicos de aprendizaxe.

Os apoios levados a cabo fóra da aula ordinaria tiveron como obxectivo ampliar contidos curriculares debido ás altas capacidades do alumnado e partindo sempre dos

seus intereses; así, algúns dos contidos traballados foron: enigmas, scape room matemático, proxecto sobre curiosidades animais xunto cun Pasapalabra, unha Oca matemática, investigación sobre o número aúreo, wordle en castelán e en inglés, proxecto sobre os planetas e unha actividade resumo en Educaplay, proxecto chamado Cinco retos para conocer a Van Gogh,…

**5.- Coordinación cos titores, as familias e axentes externos:**

Dado que os apoios se realizaron dentro da aula ordinaria, a coordinación cos titores foi sempre constante e fluída, o que permitiu que os obxectivos propostos e traballados estiveran sempre en consonancia cos do grupo-clase e se seguira a mesma liña metodolóxica.

A coordinación coas familias realizouse a través dos titores e levouse a cabo de xeito presencial e telefónico. Houbo colaboración familiar agás nalgún caso concreto.

A coordinación cos recursos externos ao centro levouse a cabo por medio da orientadora do centro.

**6.- Recursos empregados:**

**6.1 Xerais de intervención.**

- Material ordinario de aula.
- Material específico para o alumnado TEA: axenda, pictogramas, material de elaboración propia para traballar prerrequisitos básicos de aprendizaxe e conceptos básicos,…
- Material para altas capacidades: ordenador, pantalla dixital, aplicacións informáticas, maquetas,…

**6.2 De avaliación.**

Tódolos alumnos foros obxecto dunha avaliación inicial que incluíu a revisión de informes previos, a entrevista con profesorado de cursos pasados e a realización de pequenas probas para coñecer o punto de partida de cada alumno e así, poder deseñar unha atención educativa individualizada o máis óptima posible.

A avaliación foi continua e levouse a cabo a través de probas ordinarias de avaliación. Nalgúns casos concretos ditas probas foron obxecto de adaptacións en canto á temporalización en función das NEAE do alumnado.

Ao remate do curso fíxose unha comparativa para valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos.

**7.- Aspectos a mellorar.**

Soamente destacaría a importancia de plantexar unha coordinación máis fluída entre os membros do departamento que comparte alumnado e a necesidade de máis persoal de PT para cubrir as necesidades do alumnado do centro.

**AULA 4**

**Profesora: Ana Belén Fernández del Río**

**Profesora ARCO:**

**CÓDIGO DO CENTRO: 32015669**
**NOME DO CENTRO:** CEIP Mestre Vide
**CONCELLO:** Ourense
**PROVINCIA:** Ourense
**1) Persoa titular:**
**NOME E APELIDOS: Inmaculada Castro Reboredo**
**Data de nomeamento: 7/10/2021**
**Data de cese: 21/12/201**

**CONTIDO DA MEMORIA**
**1) Listaxe das materias ou áreas obxecto do reforzo, niveis educativos beneficiariosnos que se desenvolveu e nº de grupos cos que se desenvolveu o reforzo.**
Este programa de reforzo (ARCO), foi executado nos cursos 4º e 5º de primaria, neste caso,dous grupos, A e B de cada un de eles. As áreas comprendidas foron maioritariamente as das linguas (Lingua Galega e Lingua Castelá) e matemáticas aínda que nalgun caso concreto taménse fixo reforzo en ciencias tanto naturais como sociais.
**2) Grao de desenvolvemento e consecución dos obxectivos.**
O grao de satisfacción do alumnado e as familias co programa desenvolto é bo, mais non ésuficiente posto que:
● Os obxectivos do programa quedaron en proceso, non podemos conseguir en dous meses eses obxectivos, o tempo éinsuficiente.
● O alumnado aproveitou o apoio mentres durou pero agora non quedan cubertos, por faltade medios e profesorado, a maioría quedan sen nada o resto do curso.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


**3) Porcentaxe de mellora nas competencias do alumnado beneficiario do programa.**

a) Porcentaxe de mellora na competencia no ámbito científico-matemático e/ou socio-lingüístico do alumnado beneficiario do programa (1-100): **90%**

b) Porcentaxe de alumnado implicado que aproba as materias obxecto doreforzo na primeira avaliación (1-100): **80%**

**4) Grao de satisfacción co programa desenvolto**, incluíndo:

a) Grao de satisfacción do centro educativo e docentes implicados.

● 100%

b) Grao de satisfacció do alumnado e familias.

● 100%

c) Grao de implicació e motivació do alumnado.

● 100%

**5) Organización do reforzo e metodoloxía.**

Neste caso a titora encargouse en todo momento dos procesos de avaliación, valorándose sempre dende os parámetros da aula ordinaria.

A pesar de iso, moitas veces os instrumentos de avaliacións eran modificados por ambas,para poder aportar así aos alumnos distintas formas de ensino, que axudasen a melloraren función das súas necesidades.

**6) Coordinación docente: desenvolvemento e efectividade.**

Este é un pouco a repetición do punto anterior, o apoio desenvólvese na aula coas distintas tutoras xunto co personal de ARCO.

A metodoloxía era consensuada por ambas partes en función das necesidades dos nenose das materias correspondientes.

**7) Avaliación: indicadores de avaliación do programa, ferramentas empregadas e resultados obtidos.**

A avaliación sempre foi función exclusiva das titoras cos nenos, eu desenvolvía os contidos na aula a través dunha vinculación coa metodoloxía docente da titora e ela realizaba as probas escritas e poñía a calificacións.

Eu realizaba unha avaliación cualitativa dos alumnos, é dicir, a través dunha observaciónplanificada comprobaba os avances que presentaban asi como os seus déficits.

A miña función era levar unha autoevaluación de cada un deles, para saber se existía progreso ou polo contrario tiñamos que insistir máis nalgunha das materias.

Intentamos cubrir as carencias, que a titora, que pasaba todo o horario lectivo con eles íaobservando en cada un dos casos.

**8) Modificacións con respecto ao programa.**

Como xa se estableceu ao comezo deste documento, ARCO foi unha ferramenta esencialá hora de garantir a asistencia ás aulas de ambos cursos 4º e 5º coas necesidades quecada alumno presentaba.

Encargueime en todo momento de desenvolver as materias tratando de utilizar a metodoloxía propia da sua titora co obxectivo de ensinar todos os contidos ao mesmo tempo para que non perdesen o ritmo do proceso de ensinanza e aprendizaxe do resto da aula.

O programa está moi ben para que eses rapaces con necesidades, poidan ter unha axuda coa que mellorar mais debería ser máis amplio, máis horas, e en conclusión, máistempo.

**9) Propostas de mellora.**

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


Neste punto gustaríame recalcar dúas cousas importantes:

● Os alumnos deberían ter o mesmo profesor de ARCO durante todo o proceso do curso, para asígarantir un proceso de aprendizaxe gradual por parte do alumnado que terá máis continuidade nas sús explicaciós e relaciós co profesorado.

● Non é suficiente un só trimestre para coñecer as necesidades e carencias do alumno, polo tanto, debería ser máis amplio, en termos diarios e anuales.

● Sería favorable a impartición do programa nun ambiente fora da aula regular, porque así o alumnado tería unha atención más personalizada e cubriríanse de maneira máis ampla as necesidades de cada un dos alumnos, proporcionando esto, un maior éxito ao programa.

**Profesora PROA +:**

## 1. INTRODUCIÓN.

A actuación desta iniciativa foi levada a cabo no período comprendido entre o 15 de outubro de 2021 e o 15 de xuño de 2022 no CEIP Mestre Vide.

Partiuse dun punto de partida de observación do alumnado no contexto natural da aula para a determinación dos obxectivos a traballar con cada un (tomando como referencia as Necesidades Educativas detectadas) e os comentarios do titor de 6ºA e da titora de 6ºB sobre o proceso de Ensino-Aprendizaxe de cada un deles, así como as indicacións recibidas dende o Departamento de Orientación.

### 2. IDENTIFICACIÓN DA PERSOA DOCENTE (NOME, APELIDOS).

Docente PROA+: Alba Varela Rodríguez.

### 3. LOGROS ACADADOS CO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA.

O propósito principal deste programa é mellorar o proceso de Ensino-Aprendizaxe así como as competencias clave a través do seguimento do alumnado e favorecendo un clima de traballo positivo e motivador.

Co desenvolvemento do programa conseguiuse mellorar bastante as competencias do alumnado obxecto das medidas de reforzo en xeral así como lograr unha motivación máis positiva de cara á aprendizaxe.

O apoio levouse a cabo dentro do contexto da aula ordinaria dentro das materias que requirían o reforzo para así favorecer un clima de traballo cooperativo entre o alumnado, a expresión de ideas e a súa inclusión co grupo de iguais.

Cabe destacar a boa coordinación e comunicación que houbo en todo momento entre os titores e eu, para valorar o avance do alumnado e fixarnos en que puntos recalcar máis o reforzo a través das fichas que programei.

**4. PORCENTAXE DE MELLORA NAS COMPETENCIAS DO ALUMNADO BENEFICIARIO DO PROGRAMA.**

a) Porcentaxe de mellora na competencia no ámbito científico-matemático / sociolingüístico do alumnado beneficiario do programa: 100.

b) Porcentaxe de alumnado implicado que aproba as materias obxecto do reforzo na avaliación final: 100.

**5. GRAO DE DESENVOLVEMENTO E CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.**

a) Grao de satisfacción do alumnado e familias co programa desenvolto: 10.

b) Grao de satisfacción do centro educativo e docentes co proxecto e traballo desenvolto: 10.

**6. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA.**

O programa PROA+ desenvolveuse dentro do contexto da aula ordinaria co obxectivo de favorecer a inclusión do alumnado no grupo-clase e facilitar o intercambio de experiencias a través da aprendizaxe cooperativa.

Organizouse o horario de xeito que resultase o tempo repartido de forma equitativa entre as dúas aulas de 6º, distribuíndo o tempo entre o alumnado de reforzo para explicar os contidos dados na clase e axudar no procedemento de realización dos exercicios, sempre intentando que o alumnado chegase á solución por si mesmo e fomentando o pensamento lóxico e aplicado a casos prácticos do seu contexto da vida diaria.

A metodoloxía baseouse na adquisición da aprendizaxe a partir da análise dos datos aproveitando os coñecementos previos para relacionalos cos novos contidos e desta maneira conseguir globalizar os contidos e intentar conectar as actividades programadas coa vida real para o seu uso práctico. Tamén a través da posta en práctica de actividades participativas para conseguir resolver problemas tendo en conta as motivacións do alumnado e os seus intereses. Ademais, seguín en todo momento na liña metodolóxica dos titores para lograr a cohesión do proceso de ensino.

Por outra banda, as TIC xogaron un papel fundamental na miña metodoloxía, xa que o alumnado seguiu o temario do libro da plataforma Edixgal e isto permítelles afondar no

logro da competencia dixital e iniciarse no uso responsable das Tecnoloxías da Información e da Comunicación e no traballo dirixido e autónomo.

Por outro lado, os materiais empregados para o apoio educativo foron os propios libros virtuais do alumnado, así como resumos de contidos, esquemas de conceptos e un compendio de fichas semanais con actividades de reforzo e ampliación dos contidos vistos na clase realizados por min, a proposta dos titores. As fichas repartíronse do seguinte xeito cada semana: os martes unha ficha con actividades de Lingua Galega e Literatura, os mércores unha ficha con actividades de Matemáticas, os xoves unha ficha con actividades de Lingua Castelá e Literatura e os venres unha ficha con actividades de Matemáticas.

Depositánse no centroos modelos das fichas entregadas, que se destinaron a todo o grupo clase, xa que se considerou un bo método de repaso e mellora das competencias.

## 7. AVALIACIÓN. FERRAMENTAS EMPREGADAS E RESULTADOS OBTIDOS.

A avaliación foi función exclusiva dos titores de ambos cursos, aínda que sempre nos coordinamos para comprobar o avance do alumnado e os dous titores tiveron moi en conta as miñas valoracións no momento de realizar esta función docente.

Neste contexto, resultaron de moita axuda as fichas de reforzo e ampliación que se lles foron entregando ao alumnado ao longo do curso, xa que os titores comentáronme que eran unha moi boa ferramenta de avaliación continua para comprobar o avance dos nenos/as nas materias a curto prazo e que lles permitiron mellorar moito de cara ás probas avaliativas.

## 8. DISTRIBUCIÓN DO HORARIO.

O horario de apoio ao alumnado queda distribuído da seguinte maneira:

| HORARIO PT 2021 / 2022 | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 8:50 h. - 9:50 h. | 6º B | 6º A | 6º A | 6º B | |
| 9:50 h.- 10:40 h. | 6º B | 6º A | 6º A | 6º B | 6º A |
| 10:40h.- 11:30h. | 6º B | | 6º A | 6º A / 6º B* | 6º B |

*Alternouse a terceira hora do xoves cada semana nunha clase para que quedase compensado o horario.

## 9. MODIFICACIÓN CON RESPECTO AO PROGRAMA.

Considero que este programa é unha ferramenta fundamental para os centros educativos e é necesario para garantir a continuidade e o avance educativo do alumnado.

É importante detectar a tempo as Necesidades Educativas do alumnado e pór a disposición dos centros educativos os mecanismos de reforzo necesarios para lograr a normalización, a inclusión e a individualización da aprendizaxe.

Por iso, é fundamental que o programa PROA+ continúe nesta liña, aportando solucións aos obstáculos e problemas no eido do ensino-aprendizaxe e servindo de axuda e complemento de reforzo nos centros educativos.

É importante que o programa se amplíe cada vez máis, alcanzando outros cursos, ademais dos que xa se atopan contemplados.

Sería conveniente establecer o programa desde cursos máis baixos para que o alumnado poida ir diminuíndo progresivamente as dificultades no eido da aprendizaxe e chegar aos cursos máis altos de cada etapa educativa coa certeza de que os van poder afrontar con maior seguridade e sen tanta incerteza.

**Atención domiciliaria.**

Durante os meses de maio e xuño, Dª. Caty Araujo Castilla atendeu a un alumno de 5º B de Infantil na casa por un problema de saude. Esta asistencia levouse a cabo os luns e martes de 12:00 a 14:00.

Osa resultados foron bos porque permitiron que o alumno nos se descolgara do avance dos seus compañeiros.

## *10. 9.- MEMORIA DAS AULAS DE AUDICIÓN E LINGUAXE*

**Vanesa Mª Villar García** **Sherezade Fernández Placín**

- 2 alumnos con alteracións da fala.
- 4 alumnos con dislalia.
- 1 alumna con Disglosia e dificultades de aprendizaxe.

- **COORDINACIÓN COAS FAMILIAS, TITORES E AXENTES EXTERNOS.**

A coordinación coas familias realizouse por correo electrónico e por vía teléfónica nos horarios de titoría dispostos a tal fin . Tamén de forma presencial e a través das axendas dos alumnos e a aplicación Abalar ca mediación dos titores.

- A principio de curso facilitouselles a tódalas familias un contacto de correo electrónico e o horario **ALUMNADO OBXECTO DE ATENCIÓN EDUCATIVA NA AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE:**

No curso 2020-2021 recibiron atención docente directa de Audición e Linguaxe pola mestra **Vanesa Mª Villar García**22 *alumnos.* desde 4º EI até 4º EP.

No curso 2020-2021 recibiron atención de Audición e Linguaxe pola mestra **Sherezade Fernández Placín**4 alumnos e 3 alumnas(2 alumnos de 5º E.I, 1 alumna de 6º de E.I, 3 Alumnos de 1º de E.P, e 1 alumna de 6º de E.P). Sinalar que a miña praza compartía docencia coa titoría de 5º B.

Ademais, levei a cabo os “programas de estimulación da linguaxe oral” en educación infantil.

- **CRONOLOXÍA E AGRUPAMENTO DOS APOIOS:**

**Vanesa Mª Villar García**

A causa do Protocolo Covid non se poideron agrupar alumnos de diferentes aulas aínda que tivesen necesidades similares o cal limitou a planificación das sesións. Sempre da mesma aula acodiron alumnos maioritariamente en sesións individuais e tamén en pequeno grupo ou en parella.

A duración das sesións na maior parte dos casos foi de 25 minutos e en menor medida sesións enteiras de 50 minutos.

**Sherezade Fernández Placín**

Dadas as características das necesidades e da intervención, as sesións realizáronse de forma individual coa alumna de 6º de E.P e a alumna de 6º de E.I. As demais sesións foron en pequeno grupo, todas elas fóra da aula ordinaria.

A súa duración era de 25 min en todos os casos, agás coa alumna de 6º de E.P, sendo a duración de 50 min. O número de sesións foron unha por semana, agás no caso da alumna de 6º de E.P que foron 3.

As sesións dos "programas de estimulación da linguaxe oral" tiveron unha duración de 25 min, dúas sesión á semana en 4º de E.I e unha sesión en 5º e 6º de E.I.

- **ALTAS**

**Vanesa Mª Villar García**

2 alumnos foron alta de Audición e Linguaxe ao considerarse adquiridos os obxectivos propostos na programación inicial nun dos casos e noutro caso considerouse máis axeitado o apoio dentro da aula.

Ao longo do curso houbo 5 novas incorporacións( 1 en decembro, 1 en febreiro e 3 en abril).

**Sherezade Fernández Placín**

2 alumnos foron dados de alta. (1º de E.P)

En canto ao resto do alumnado, recoméndase realizar unha valoración á volta do verán e de ser preciso, seguir coas intervencións.

Ao longo do curso incorporáronse 4 alumnos/as (finais do 2º trimestre principios do 3º).

- **MODALIDADE DE ATENCIÓN**

**Vanesa Mª Villar García**

Dos 22 alumnos atendidos 17 foron fóra da aula, un con apoio mixto dentro e fóra e 1 alumno dentro de forma exclusiva. Se ben, fixéronse intervencións indirectas en aula ordinaria co grupo clase cando foi posible e con máis alumnos cun resultado moi positivo. Nalgúns casos o apoio foi inicialmente dentro da aula e posteriormente fóra.

**Sherezade Fernández Placín**

Todas as sesións realizáronse fóra da aula ordinaria de forma individual e en pequeno grupo, dependendo das necesidades do alumnado. As sesións do “Programa de estimulación da linguaxe oral” realizáronse dentro da aula ordinaria.

- **NEAE DO ALUMNADO:**

**Vanesa Mª Villar García**

- 5 alumnos con trastorno do espectro autista (TEA)
- 6 alumnos con TSH( Trastorno dos sons da fala).
- 1 alumno con TEL.
- 1 alumno con discapacidade auditiva e dificultades na aprendizaxe.
- 1 alumnos con dificultades de aprendizaxe e alteración visual asociada.
- 3 alumnos con retraso da linguaxe.
- 2 alumnos con dificultades na adquisición da lectoescritura.

**Sherezade Fernández Placín**

de titorías.

A coordinación cos gabinetes aos que acoden algúns dos alumnos realizouse vía telefónica e con reunións reunión presenciais cumprindo o Protocolo Covid.

- **RECURSOS EMPREGADOS**

**Recursos de avaliación:**

Tódolos alumnos foron obxecto dunha avaliación inicial que incluía a revisión de informes previos e a realización de probas específicas dos aspectos comunicativo-lingüísticos ( RFI, PLON, BOHEM..)

Ao longo do curso fíxose unha avaliación continúa mediante probas específicas, revisión dos traballos realizados, observación do uso da linguaxe en contextos naturais e de uso espontáneo da linguaxe ( aula, recreo..) que permitiron facer os axustes precisos**.** De especial utilidade foi o diario de aula e a coordinación cos titores e cas familias para valorar a evolución dos alumnos e a detección de novas necesidades educativas.

Asímesmo ao remate do curso na medida do posible fíxose unha valoración comparativa das probas e avaliación feita ao inicio da intervención e as aplicadas a final de curso para valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos. Estas conclusións recóllense no informe final de cada alumno.

**Recursos xerais de intervención.**

Como recursos xerais de intervención empregáronse libros, pictogramas, axendas, lotos e outros materiais específicos de Audición e Linguaxe e de elaboración propia. En menor medida utilizáronse recursos TIC.

Os recursos empregados de xeito concreto con cada alumno están reflectidos na súa programación individual.

A imposibilidade de compartir material e a falta de tempo entre sesións para a súa desinfección fixo preciso elaborar máis recursos de uso individualizado e delimitar o seu uso entre diferentes alumnos.

- **GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.**

**Vanesa Mª Villar García**

Con respecto ás tres vertentes de obxectivos propostos na Programación Xeral de Audición e Linguaxe podemos dicir:

**-Obxectivos a nivel de centro:**

Si houbo en xeral unha coordinación e asesoramento positivo co profesorado nas dificultades do alumnado salvos casos puntuais nos que non se puideron implementar as suxerencias ofrecidas para mellorar a integración do alumnado sobre todo no contexto da aula ordinaria.

A coordinación entre os membros do DO sí considero que pode mellorarse para o vindeiro curso.

**-Obxectivos co alumnado:**

Sí se levaron a cabo accións de detección precoz fundamentalmente a través de tres vías: actividades grupais na aula ordinaria e a finais de curso probas específicas de linguaxe ( RFI) e mediante a coordinación diaria co profesorado.

O grao de consecución dos obxectivos de cada alumno foi variable. Se ben con todos houbo unha mellora moi positiva. Con algúns alumnos nos que a priori só existían dificultades de tipo fonético-fonolóxico modificáronse ou engadíronse aos obxectivos propostos inicialmente outros relacionados con dificultades de aprendizaxe na lectoescritura e co manexo das emocións.

**Ca familia:**

Houbo en xeral unha axeitada coordinación e orientación cas familias ca meirande parte do alumnado.

**Sherezade Fernández Placín**

**-Obxectivos a nivel de centro**

A nivel centro os obxectivos foron acadados na súa maioría, destacando tal vez a necesidade de maior coordinación no departamento de orientación sobre todo entre mestres que comparten alumnado e así programar en consecuencia obxectivos e metodoloxía para asegurar a efectividade da intervención.

**-Obxectivos co alumnado**

O grao de consecución dos obxectivos foi variable. Por unha banda, os obxectivos co alumnado de educación infantil (programa de estimulación da linguaxe oral) foron acadados. Pola outra, en canto ás dificultades na fala dos alumnos de 5º de E.I, aínda que melloraron, non se acadaron os obxectivos proposto no inicio da intervención. A intervención coa alumna de 6º de E.I, comezou a finais do 2º trimestre, polo que non houbo tempo suficiente para mellorar os aspectos intervidos. En 1º de E.P aínda sendo moi tardía o comezo da intervención (3º trimestre), acadáronse os obxectivos en dous alumnos, seguindo con dificultades a terceira alumna.

Por último, aínda que a alumna de 6º de E.P segue presentando dificultades a nivel de linguaxe oral e voz nasalizada, a melloría foi moita. Adquiriu todos os fonemas traballados neste curso.

**Coa familia**

A coordinación coa familia tanto de maneira directa ou a través de titoras e xefa do D.O foi efectiva.

- **CONCLUSIÓNS E ASPECTOS A MELLORAR.**

**Vanesa Mª Villar García**

Os principais aspectos a mellorar cara ao vindeiro curso son a planificación de espazos e os axustes no horarios según ás características e evolución do alumnado.

Por outra parte, como sinalei anteriormente, sería recomendable un maior tempo de coordinación eficaz entre os diferentes membros do departamento sobre todo cando hai alumnado en común.

**Sherezade Fernández Placín**

Subscribindo o dito pola miña compañeira, destaco a importancia de plantexar unha coordinación axeitada entre membros do departamento que comparten alumnado e de facer unha xestión efectiva e funcional dos espazos que se destinen a Audición e linguaxe e Pedagoxía Terapeútica, así como asegurar o cumprimento do apoio do profesorado con disponibilidade horaria para non empregar o recursos dos especialistas de A.L e PT en apoio curricular.

## ***10.10.- MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA***

Durante o Curso 2021–22 o Equipo de Dinamización da Lingua Galega pretendeu lograr unha valoración positiva e de utilidade do uso da lingua galega, fomentando o uso do galego en toda a comunidade educativa a través de:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
CEIP MESTRE VIDE

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/

galicia

## *I.OBXECTIVOS:*

### *EDUCACIÓN INFANTIL*

1. Dar prioridade no ensino do galego a expresión oral, reforzando a súa dimensión comunicativa tanto instrumental como de utilidade

| TRABALLOUSE | Frecuentemente | Ás veces | Raras veces |
|---|---|---|---|
| | 70% | 30% | |

| GRAO DE CONSECUCIÓN | Acadado | En desenvolvemento |
|---|---|---|
| | 40% | 60% |

2. Potenciar o uso do galego como lingua de relación social, tanto no centro como no entorno.

| TRABALLOUSE | Frecuentemente | Ás veces | Raras veces |
|---|---|---|---|
| | 65% | 35% | |

| GRAO DE CONSECUCIÓN | Acadado | En desenvolvemento |
|---|---|---|
| | 45% | 55% |

### *EDUCACIÓN PRIMARIA : 1º e 2º*

1. Dar prioridade no ensino do galego a expresión oral, reforzando a súa dimensión comunicativa tanto instrumental como de utilidade

| TRABALLOUSE | Frecuentemente | Ás veces | Raras veces |
|---|---|---|---|
| | 75% | 25% | |

| GRAO DE CONSECUCIÓN | Acadado | En desenvolvemento |
|---|---|---|
| | 40% | 60% |

2. Potenciar o uso do galego como lingua de relación social, tanto no centro como no entorno.

| TRABALLOUSE | Frecuentemente | Ás veces | Raras veces |
|---|---|---|---|
| | 60% | 40% | |

| GRAO DE CONSECUCIÓN | Acadado | En desenvolvemento |
|---|---|---|
| | 50% | 50% |

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


***EDUCACIÓN PRIMARIA: 3º e 4º***

1. Dar prioridade no ensino do galego a expresión oral, reforzando a súa dimensión comunicativa tanto instrumental como de utilidade

| TRABALLOUSE | Frecuentemente | Ás veces | Raras veces |
|---|---|---|---|
| | 100% | | |

| GRAO DE CONSECUCIÓN | Acadado | En desenvolvemento |
|---|---|---|
| | | 100% |

2. Potenciar o uso do galego como lingua de relación social, tanto no centro como no entorno.

| TRABALLOUSE | Frecuentemente | Ás veces | Raras veces |
|---|---|---|---|
| | 100% | | |

| GRAO DE CONSECUCIÓN | Acadado | En desenvolvemento |
|---|---|---|
| | | 100% |

***EDUCACIÓN PRIMARIA: 5º e 6º***

1. Dar prioridade no ensino do galego a expresión oral, reforzando a súa dimensión comunicativa tanto instrumental como de utilidade

| TRABALLOUSE | Frecuentemente | Ás veces | Raras veces |
|---|---|---|---|
| | 100% | | |

| GRAO DE CONSECUCIÓN | Acadado | En desenvolvemento |
|---|---|---|
| | 60% | 40% |

2. Potenciar o uso do galego como lingua de relación social, tanto no centro como no entorno.

| TRABALLOUSE | Frecuentemente | Ás veces | Raras veces |
|---|---|---|---|
| | 100% | | |

| GRAO DE CONSECUCIÓN | Acadado | En desenvolvemento |
|---|---|---|
| | 65% | 35% |

***II. PLANS DE ACTUACIÓN*** realizables e adecuados á realidade do centro:

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


A) PLAN XERAL: medidas dinamizadoras que potenciaron o uso do idioma galego no centro:

1. Presenza da lingua galega na vida do centro.
2. Formación do profesorado.
3. Proxecto Lingüístico do Centro (Decreto 79/2010).

B) PLAN ESPECÍFICO para o ensino da Lingua Galega:

1. Garantindo en Educación Primaria o máximo equilibrio nas horas semanais nas linguas oficiais (Galego- Castelán).
2. Participación en actividades complementarias nas que estivo presente a lingua Galega.
3. Actividades dinamizadoras da lingua galega tendo en conta a realidade e os recursos cos que conta o centro.

***III. ACTIVIDADES*** realizadas a nivel **CENTRO:**

***SAMAÍN:*** exposición de cabazas. Concurso de "portas terroríficas"

**O MAGOSTO**: cartel no mural de normalización

***NADAL***
- Tarxetas de Nadal: realizouse esta actividade en todas as aulas e entregáronse premios (parte artística e texto poético). As postais e textos gañadores enviáronse ás familias como felicitación do Nadal.

***DÍA DA PAZ***
- Mural, na carteleira de Normalización
- Elaboración de libros por parte do alumnado de temas relacionados coa paz

***DÍA DE ROSALÍA:***
- Poema enmarcado de Rosalía no patio do colexio.
- Ofrenda á figura de Rosalía de Castro.
- Recitado por parte de cada aula dunha poesía de Rosalía de Castro.

***ENTROIDO:***
- Mural, na carteleira de Normalización.
- Festa de disfraces: cada aula escolleu un conto tradicional e os alumnos foron disfrazados con distintos personaxes do mesmo.

***LETRAS GALEGAS***

- Propuxéronse diversas actividades na páxina do centro.
- Realización de dous cadros sobre o autor homenaxeado (collage).
- Canción das Tanxugueiras cantada por todos os alumnos do centro.

***REVISTA***

- Elaboración da Revista anual do centro, na que colabora e se implica toda a Comunidade Educativa.

A REVISTA é un compendio de actividades realizadas ao longo do curso. Este ano volveuse a facer tanto en papel como en formato dixital.

***IV. ACTIVIDADES*** realizadas por **CURSOS**: días con nome propio e festas tradicionais:

**E. Infantil**:

**Samaín**:
- Decoración de cabazas. Decoramos a porta da clase “terrorífica”.
- Pobo terrorífico cos contos.
- Conto e canción “Corre, corre cabaciña”. Comprensión do mesmo e debuxos.
- Feitizo de meigas.
- Cancións temáticas.

**Magosto**:
- Fichas sobre o magosto.
- Ditos, refráns, poemas.
- “A castaña que rebentou”.
- Elaboración de murais.
- Cancións sobre a temática do magosto.
- Elaboración dunha diadema de castañas.

**Nadal**:
- Panxoliñas. Canción do Apalpador, traballos para decoración. Tarxetas de nadal.
- Participación no concurso de tarxetas de nadal.
- Calendario de Nadal.

**Día da Paz**:
- Creación dun libro da paz.

**Día da Rosalía**:
- Fixeron un debuxo que foi pegado na figura de Rosalía.

**Entroido**:
- Entroido na provincia de Ourense. Visualización dun pequeno vídeo.
- Fichas sobre o Entroido.
- Confección de caretas e outros complementos.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


- Desfile disfrazados co conto tradicional seleccionado.

**Letras Galegas:**
- Canción “Terra” das Tanxugueiras.
- “As pitas baixo a choiva”.
- A árbore das palabras bonitas.

**Outras actividades**:
- Contacontos: A que sabe a lúa? A cebra Camila.
- Cancións: “Cocorico”, “A toupiña”, “Unha eiruga moi larpeira”, “Coelliño Branco”.
- Contos teatralizados.
- O día da violencia de xénero. Mural con fotos e lemas.
- A persoa que máis quero. Día da amizade.
- Día da Muller e a Ciencia. Experimentos.
- Proxecto da granxa.

**E. Primaria**: **1º e 2º**

**Samaín**:
- Orixe do Samaín. Contos.
- Cantiga sobre o Samaín.
- Entrevistas a personaxes do Samaín. Cabazas.
- A nosa porta é a máis “terrorífica” do colexio.

**Magosto**:
- Murais nos corredores. Cantigas tradicionais sobre as castañas.
- Fichas sobre o magosto. Conversas sobre o magosto. Textos escritos sobre a festa.

**Nadal**:
- Panxoliñas.
- O Nadal nos distintos países do mundo.
- Coñecer os distintos personaxes do Nadal.
- Participación no concurso de tarxetas de nadal.

**Día da Paz**
- Creación dun libro da paz.

**Día da Rosalía**:
- Cada aula seleccionou unha poesía de Rosalía e a recitou.

**Entroido**:
- Decoración de máscaras.
- Coñecer o entroido galego.

- Desfile disfrazados cos personaxes do conto tradicional elixido.

**Letras Galegas**:
- Canción "Terra" das Tanxugueiras.

**E. Primaria: 3º e 4º**

**Samaín**:
- Investigación sobre esta festa: orixe, significado. Festa irlandesa e americana.
- Investigación sobre a Santa Compaña. Bailes e cantigas do Samaín.
- Lectura de poemas, Adiviñas, debuxos.
- A nosa porta é a máis "terrorífica" do colexio.

**Magosto**:
- Lecturas axeitadas ao tema.
- Investigación e exposición sobre elementos relativos ao Magosto.
-Decoración autoretrato coa técnica de collage, empregando ornamentos naturais propios desta data.
- Refráns, adiviñas, cantigas, poemas.
- Mural

**Nadal:**
- Panxoliñas, debuxos, felicitacións de Nadal.
- Investigación sobre a figura do "apalpador". Canción sobre o apalpador.
- Participación no concurso de tarxetas de nadal.

**Día da Paz**:
- Creación dun libro da paz.
- Lecturas alusivas: Rata Rocinata. Poesías, Mural.

**Día da Rosalía**:
- Cada aula seleccionou unha poesía de Rosalía e a recitou.

**Entroido**:
- Investigación A máscara que coñezo. Sobre diferentes máscaras da provincia
- Traballo de investigación sobre o Entroido: orixe, costumes, gastronomía, receitas…
- Desfile disfrazados cos personaxes do conto tradicional elixido.

**Letras Galegas**:
- Canción "Terra" das Tanxugueiras.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


**Outras actividades:**
- Elaboración de pequenos contos.
- Creación de pasatempos (encrucillados, sopa de letras, xeroglíficos...)
- Elaboración de cantigas e poemas.
- Creación de frases positivas utilizando a técnica de lettering.
- Achegamento á Vida e Obra de persoas Ilustres Galegas (Rosalía de Castro, Castelao, Delgado Gurriarán…
- Mural alusivo á chegada da Primavera, reivindicando o reflorecer da lingua galega.

**E. Primaria: 5º e 6º**

**Samaín**:
- Decoración das aulas.
- Busca de formación por grupos, na aula de informática, e posterior presentación en PowerPoint.
- A nosa porta é a máis “terrorífica” do colexio.

**Magosto**:
- Investigación e exposición sobre elementos relativos ao Magosto.
- Refráns, adiviñas, cantigas, poemas.
- Decoración de aulas.

**Nadal:**
- Panxoliñas, debuxos, felicitacións de Nadal.
- Busca de información sobre a figura do Apalpador e posterior exposición.
- Participación no concurso de tarxetas de nadal.

**Día da Paz**:
- Decoración de teselas con debuxos alusivos á Paz.
- Creación dun libro da paz.

**Día da Rosalía**:
- Cada aula seleccionou unha poesía de Rosalía e a recitou.

**Entroido**:
- Traballo de investigación sobre o entroido: orixe, costumes, gastronomía, receitas…
- Desfile disfrazados cos personaxes do conto tradicional elixido.

**Letras Galegas**:
- Canción “Terra” das Tanxugueiras.
- Realización de dous cadros sobre o autor homenaxeado (collage).

**Outras actividades**:
- Participación en diversos concursos.

**PROPOSTAS DE MELLORA**

- Realizar traballos de investigación sobre lugares emblemáticos da nosa comunidade.
- Seguir fomentando o uso do galego como lingua vinculante nas relación alumno/profesor e entre alumnos, non só nas actividades programadas.

Para a consecución dos obxectivos propostos e a realización dos plans de actuación e das actividades foi imprescindible a labor do Equipo Directivo e a de todos/as os profesores/as, tanto titores coma especialistas, xa que a través deles/as chegouseaos alumnos/as e a todo o ámbito escolar.

## *10.11.- MEMORIA DA BIBLIOTECA ESCOLAR*

A biblioteca continuou, igual que o pasado ano, como comedor para o alumnado de 5º e 6º . Intentáronse facer algunhas actividades nela, pero a partires das 12:00h. o persoal de comedor tiña que habilitala para tal fin.

Durante este curso, realizouse un PFPP de Biblioteca escolar. Os integrantes deste curso coñeceron o funcionamento, CDU, organización e actividades de dinamización para a biblioteca.

Integrouse a biblioteca no programa Erasmus + co obxectivo fundamental de abrir esta á Comunidade Educativa.

### 1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

O equipo de biblioteca estivo formado por:

Ana Belen Rodriguez Robledo

Vanesa María Villar García

Cristina Cachaldora Sánchez

Mª Luisa Fernández Vidal

Mª Aurora García Puga

Mª Otilia Pérez Cid (como coordinadora)

- As reunións do equipo fixéronse os segundo martes de mes. Unha hora conxunta dedicada a programación e preparación de actividades.
- Unha hora de dedicación semanal dentro do horario lectivo, de cada unha das compoñentes do equipo, agás a coordinadora que lle dedicou catro hora semanais.
- Organizouse unha CDU propia para o noso centro, comezando a catalogación guiada por esta.

  Os fondos dividíronse en divulgación e literatura, repartindo a biblioteca en zonas específicas para este fin.
- Empregáronse tejuelos de colores para identificar a división de literatura dependendo das idades do alumnado:
  - Azul para prelectores.
  - Vermello para primeiros lectores
  - Verde para lectores autónomos
  - Amarelo para lectores expertos
- Continuamos reflectindo no blogue https://oblogdevide.wordpress.com/ as actividades realizadas dende a biblioteca.
- Anunciáronse as novidades mercadas a través dun estante móbil exposto na entrada do colexio e así facelo accesible; ademais empregouse ese mesmo estante para, en datas sinaladas, expoñer os contos dispoñibles na biblioteca para traballar con eles como por exemplo: Samaín, Nadal, Día do autismo, Día do amor e a amizade…

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


- Estamos a organizar as distintas coleccións que hai no centro, centralizando esta dende a biblioteca. Para isto preparamos varios mobles colocados nos distintos andeis do centro.
- Comprouse material auxiliar como cestas e carros para almacenar e transportar, así como material de oficina para etiquetar e organizar.
- Compráronse fondos priorizando as necesidades do noso centro de escolarización preferente TEA e outras NEAE.

**2. PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.**

As principais actividades realizadas durante este curso a través da biblioteca foron as seguintes:

- Celebración do día mundial da poesía:

  https://oblogdevide.wordpress.com/2022/03/24/dia-mundial-da-poesia/

  O alumnado de 5º e 6º a través de recortes de revista e periódico, realizaron poesías libres. Con estas formamos un libro que estará na biblioteca.

- Concurso: Un libro, un sorriso

  https://oblogdevide.wordpress.com/2022/03/30/concurso-un-libro-un-sorriso/

  As familias tiñan que adiviñar quen se agochaba detrás dun libro ( o profesorado do centro), no que só se podía ver o sorriso de cada un.

  Os gañadores do concurso recibiron varios premios.

- Conmemoramos o Día do autismo: https://oblogdevide.wordpress.com/2022/04/08/2-de-abril-dia-do-autismo/

- Recitado de poesías: https://oblogdevide.wordpress.com/2022/05/13/poesias-primaverales/
- Celebración das Letras Galegas: https://oblogdevide.wordpress.com/2022/05/13/poesias-primaverales/

**3.- PROPOSTAS DE MELLORA.**

O vindeiro curso están propostas unha serie de actividades partindo da biblioteca. O fundamental de estas será seguir colocando e organizando os fondos existentes e así abrir a biblioteca ao uso da Comunidade Educativa:

- Abrir a biblioteca durante os tempos de recreo para o alumnado.
- Cada alumno disporá dun carné para realizar o préstamo.
- Formaremos e constituiremos axudantes de biblioteca entre o alumnado de 5º e 6º.
- Colaborar e organizar actividades co equipo de Normalización Lingüística así como incluír todas estas no mesmo blogue.
- Ampliar a formación do equipo da biblioteca e do profesorado do centro (a través da continuidade do PFPP).
- Apadriñamento lector do alumnado maior aos máis pequenos do centro.
- Promover a utilización da biblioteca escolar para todo o profesorado e alumnado do centro. Así que cada titor terá no seu horario unha hora semanal para poder utilizar esta.
- Seguir catalogando pola CDU universal e continuar coa clasificación temática.
- Seguir co expurgo do material para poder continuar mercando novos fondos actuais.
- Mellorar o mobiliario e a súa distribución coa finalidade de crear un espazo mais polivalente e axeitado as dúas etapas educativas que existen no centro para acercarse así a unha biblioteca máis inclusiva e dinámica, creando espazos atractivos para a lectura. Así deseñaremos unha zona de lectura informal e outra externa á biblioteca para os tempos de recreo.

- Unha vez rematada a actualización do sistema de etiquetado temático que fará máis accesible e dinámica a xestión da biblioteca, sería recomendable:
  - Facer unha sesión formativa na biblioteca para mestres e mestras e así entender o sistema de etiquetado e o fácil que será atopar libros en función do que se queira traballar.
  - Facer sesións na biblioteca, para explicar o novo funcionamento ao alumnado, empregando a mascota e mediante actividades motivadoras.

### *10.12.- MEMORIA DAS T.I.C.*

Cómpre destacar:

- O compromisopersoal dalgúns profesores/as coa implementación das TIC na súa tarefa docente (creación e mantemento de blogs, incorporación á aula virtual Moodle...).
- Aposta decidida do centro polas novas tecnoloxías, tanto en apoio a calquer iniciativa neste campo como á dotación de material informático.

**Obxectivos acadados**

- Mantemento e administración da web do centro como vehículo de comunicación de novas de carácter oficial sobre a marcha do curso e de divulgación de actividades pedagóxicas nas que participa o alumnado.

  A inclusión de contidos na web forma parte dun traballo colaborativo entre os distintos membros do claustro, polo que a cantidade de datos colgados depende, en gran medida, das aportacións do profesorado.
- Revisión do funcionamento dos distintos equipos das aulas de informática, sala de profesores e aulas.
- Implementación da aula virtual (Moodle) como plataforma de apoio para a impartición de clases e teleformación:
  - Creación de cursos.
  - Matriculación de estudantes para o desenvolvemento dos cursos.
  - Asesoramento ao profesorado no funcionamento da aula virtual. Para este obxectivo colaboramos na docencia do curso sobre novas tecnoloxías elaborando contidos e impartindo a formación necesaria ao profesorado que a demandaba.

- A través do PFPP impartíuse formación ao profesorado sobre o novo Plan Dixital.

- Asesoramento ao profesorado no funcionamento de programas, plataformas e equipos.
- Neste curso o equipo TIC continuou coa colaboración no PFPP do centro impartindo, xunto co coordinador do grupo de traballo, o curso “Novas tecnoloxías”.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas...
- Adquisición de material informático demandado por docentes. Destacamos o esforzo realizado polo centro no equipamento de todas as aulas.
- Colaboración no deseño do Plan dixital do centro.

**Propostas de mellora**

· Todos debemos coidar os materiais informáticos e tecnolóxicos:

- non deben estar conectados se non se utilizan,
- os proxectores deben apagarse durante os recreos e ao sair da clase, etc.

· Debemos seguir insistindo na necesidade de aplicar o protocolo e as normas de uso da Aula de Informática:

- que se apaguen os ordenadores e os periféricos correctamente.
- que non se lles deixe aos alumnos descargar software libremente (xogos, apps ...) nos ordenadores comúns, ou, si llo permitimos, debemos asegurarnos de que o eliminan ao rematar.

É traballo do profesorado ao cargo estar pendente, cumprir e velar para que se cumpran as normas da aula de informática.

Propoñemos solicitar á Consellería:

- Aa mellora da cobertura da rede wifi “edu.xunta.es” para mellorar o aproveitamento dos recursos tecnolóxicos en todos os espazos do centro.
- Dotación de material informático de aula (PDI, ordenadores e proxectores)

Todas as aulas do centro contan con esa dotación pero nalgúns casos os dispositivos son obsoletos.

## *10.13- MEMORIA ERASMUS+ CURSO 2021/2022*

Continuando coa idea de innovación e europeización que no ano 2019 nos levou a incorporarnos ao programa Erasmus+ da Comisión Europea, no actual ano académico temos en marcha dousproxectos dentro do citado programa: Un plan de corta duración, K122, e un proxecto de acreditación, K120, solicitado no ano 2021 e vixente ata o ano 2027.

### A. PROXECTO DE CORTA DURACIÓN K122

Remate: 30 de setembro de 2022.
*Nota: As necesidades e os obxectivos están escritos en castelán porque están extraídos directamente do proxecto enviado aoServizoEspañol Para la Internacionalización de la Educación.*

**A.1. NECESIDADES:**

A.1.1 Mejorar nuestra formación para garantizar la igualdad de acceso a una educación de calidad con el foco puesto en el Espacio Europeo de Educación, especialmente en los aspectos referidos a:
- Que todas las personas puedan acceder a una educación de alta calidad, independientemente de su contexto socioeconómico.
- El aprendizaje de dos lenguas además de la lengua materna.
- Que las personas sientan intensamente su identidad europea y sean conscientes del patrimonio cultural de Europa y su diversidad. Es decir, dotar al centro de una dimensión mas internacional y europea.

A.1.2 Adquirir experiencia, actualizarnos y aprender de otras realidades mediante la observación de diferentes enfoques educativos.

A.1.3 Profundizar en distintos enfoques metodológicos facilitadores de la inclusión en la educación.

A.1.4 Mejorar en el uso de herramientas tecnológicas que ayuden a desarrollar la competencia digital del alumnado, teniendo en cuenta la participación en el Programa E-Dixgal en 5º y 6º de primaria.

Para poder entrar en 2025 con un nivel de calidad adecuado al Espacio Europeo de Educación nuestro colegio debe seguir una línea contínua de mejora. La formación del profesorado es una necesidad contínua para afrontar los retos citados.

El Programa Erasmus+ nos facilita la tarea poniendo a nuestro alcance los mejores centros y profesionales de Europa. Desde el centro pensamos aprovecharlo para ponernos al tanto de las mejores metodologías y enfoques y poder crear nuestro propio modelo, siempre pensando en la evolución y la actualización del conocimiento. Queremos crear un modelo educativo coherente y unificado basado en la actualización de conocimiento y en la competencia del profesorado.
La formación en tecnologías de información y comunicación es necesaria y urgente. Tanto el profesorado como el alumnado deben mejorar su competencia en este campo. Como nos ha demostrado la realidad con la pandemia de COVID, en cualquier momento puede cambiar el modelo educativo. Durante este año, miles de profesores tuvimos que formarnos apresuradamente en el uso de las nuevas tecnologías para

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


enfrentarnos a un modelo educativo "a distancia". Es impensable una educación de espaldas a esta realidad. Una inversión en dispositivos y software como la que hizo la administración (y el centro) es necesaria pero no suficiente, debemos sacarle el máximo rendimiento a las posibilidades que ofrece la tecnología, esto solo se puede lograr con profesorado competente, es por esto que la posibilidad de optar a una movilidad Erasmus+ que nos aporte la mejor formación nos parece la mejor opción.
El centro sigue una buena línea de trabajo con respecto a la igualdad de oportunidades y la inclusión pero la situación cambiante y el aumento del alumnado con necesidades educativas especiales requiere una puesta al día contínua. Hay países con programas punteros en cuanto a Educación Inclusiva, Erasmus+ y las plataformas europeas nos permiten conocer y contactar con las mejores líneas de trabajo en este ámbito.

**A.2. OBXECTIVOS:**

A.2.1 Conseguir una oferta atractiva, unificada e inclusiva, ajustada a las necesidades de la comunidad educativa y con docentes formados en el entorno europeo, cuya base sea la calidad educativa.
A.2.2 Mejorar la competencia digital por parte del profesorado y el alumnado para integrar eficazmente el uso de las TIC en los procesos de enseñanza-aprendizaje.
A.2.3 Establecer una red colaborativa a nivel europeo que incluya a docentes, alumnado e instituciones para compartir experiencias y favorecer el enriquecimiento mutuo.
A.2.4 Mejorar la inclusión llevada a cabo en el centro partiendo del intercambio y del conocimiento de otras realidades educativas, más inclusivas que la nuestra, existentes en el entorno Europeo.

**A.3. ACTIVIDADES:**

Para o desenvolvemento do proxectocreáronse tres equipos de traballo:
**Equipo de apoioásmobilidades**, encargados de facilitar as viaxes e a estancia dos participanrtes, buscando documentación relativa aos países de acollida, asistencia sanitaria, voos, rutas, e tamén prestando apoio directo, en contacto permanente cos participantes a través dos diferentes medios de comunicación (teléfono, email, redes sociais...)
**Equipo de difusión**, encargado de deseñar o plan de difusión e de levar a cabo as actividades necesarias para dar a coñecer o nosoproxecto; creación dun blog, notas de prensa, relacións cos medios de comunicación e información e incorporación dos proxectosás plataformas Etwinning e a plataforma de resultados dos proxectos Erasmus.
**Equipo de seguimento e avaliación**, Encargados de velar pola boa marcha do proxecto, sobre todo vixilando o cumprimento das tarefas nos prazos previstos e avaliandoos procesos e os resultados.

Solicitáronse e foron concedidas 7 actividades de formación. O orzamento concedido foi de 14.709 €

| Nome | Cargo | Entidade de acollida | Pais | Curso/Job Shadowing | Data |
|---|---|---|---|---|---|
| María Luisa Fernández Vidal | Xefa de estudos | Europass Teacher Academy | Italia | Yoga and Mindfulness | 20-24/06/22 |
| María Belén Opazo Quintas | EP 4ºA | oloklirosi | Grecia | Steam | 09-15/04/22 |
| María José Caride Pérez | Secretaria | Europass Teacher Academy | | Art & Special Needs | 18-22/07/22 |
| Mónica Hernán López | Orientadora | ACJ | portugal | Jobshadowing NEE | 21-25/03/22 |
| Ana Belén Rodríguez Robledo | EI 5ºA | | Francia | Job Shadowing | 20-24/06/22 |
| Arancha Míguez Iglesias | EP 2ºA | Smart Teachers Play More | Islandia | Smart Teachers Play More | 07-14/05/22 |
| Francisco Javier Souto Lamas | L. I. | Erasmus + courses | Croacia | TIC, Gamificación | 10-16/07/22 |

O 30 de setembroentrégaseao SEPIE un formulario cuberto coa memoria das actividades, os resultados obtidos, o plan de difusión e a avaliación do proxecto.
Os resultados das actividades daranse a coñecer segundo o plan de difusión do proxecto.
As potenciaismelloras resultantes destas actividades de formación iranse integrando no centro a medida que sexa posible. Hai que ter en conta que pode tratarse de cambios relativos áxestión de espazos, horarios ououtros ámbitos que poden afectar á organización do centro e que poden requerir ser aprobados en CCP, Claustro...

**B. ACREDITACIÓN ERASMUS+ 2021/2027**

A acreditación Erasmus+ presenta dúas novedades con respecto ás anteriores modalidades de participación no programa que son relevantes para o noso centro.

- Non é de duración anual o bianual sinon que, na actual convocatoria, dura ata o ano 2027. Non obstante, é necesario ir realizando unsplansanuaisoubianuais

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


nos que figuran as intencións de mobilidade para a formación do profesorado e alumnado do centro.

- Permite a mobilidade tanto do profesorado como do alumnado. No noso plan incluimos a participación do alumnado de 5º e 6º de primaria ao longo do curso 2022/2023

**B.1. OBXECTIVOS**

B.1.1 Motivar al alumnado con actividades y tareas de su interés, enriqueciendo el currículo buscando mejorar su compromiso e implicación con la colaboración de toda la comunidad educativa.
B.1.2 Potenciar el empleo de las TIC como herramienta de trabajo, usándola de forma activa con los alumnos. Fomentar el uso de las TIC como forma de romper con desigualdades sociales.

B.1.3 Que el alumnado del centro aprenda a buscar información, explorar, conocer e interpretar el entorno, las diferentes culturas y las cuestiones de salud, para poder elegir responsablemente como adulto.
B.1.4 Transformar la biblioteca escolar en espacios diferenciados, abriéndola a toda la comunidad, incluyendo alumnado, familias, profesorado, PAS e incluso otros centros.
B.1.5. Dirigir el modelo de trabajo en los primeros cursos de primaria hacia metodologías más activas, favoreciendo un aprendizaje de la lectoescritura acorde con los ritmos de maduración de los alumnos.
B.1.6. Identificar necesidades e intereses del alumnado en tiempo de recreo, facilitando las distintas maneras de vivir este tiempo, integrando y cuidando especialmente al alumnado con mas necesidades.
B.1.7. Redistribuir el tiempo dedicado a la práctica de la Educación física y conseguir una oferta extraescolar que busque la multilateralidad frente a la especialización temprana.
B.1.8. Implicar a toda la comunidad educativa para potenciar en nuestro colegio la educación ambiental para el desarrollo sostenible.

**B.2. ACTIVIDADES**

Para o desenvolvemento do proxecto creáronse tres equipos de traballo:
**Equipo de apoio ás mobilidades**, encargados de facilitar as viaxes e a estancia dos participanrtes, buscando documentación relativa aos países de acollida, asistencia sanitaria, voos, rutas, e tamén prestando apoio directo, en contacto permanente cos participantes a través dos diferentes medios de comunicación (teléfono, email, redes sociais...)
**Equipo de difusión**, encargado de deseñar o plan de difusión e de levar a cabo as actividades necesarias para dar a coñecer o noso proxecto; creación dun blog, notas de prensa, relacións cos medios de comunicación e información e incorporación dos proxectos ás plataformas Etwinning e a plataforma de resultados dos proxectos Erasmus.

**Equipo de seguimento e avaliación**, Encargados de velar pola boa marcha do proxecto, sobre todo vixilando o cumprimento das tarefas nos prazos previstos e avaliandoos procesos e os resultados.

As actividades solicitadas para o curso 2022/2023 son:

| TIPO DE ACTIVIDAD | PARTICIPANTES | DURACIÓN TOTAL (DÍAS) | ACOMPAÑANTES | PERSONAS EN LAS VISITAS PREPARA-TORIAS | PARTICIPANTES CON MENOS OPORTUNIDADES | Nº DE PARTICIPANTES UTILIZANDO OPCIONES DE VIAJE ECOLÓGICAS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| total | 116 | 528 | 8 | 12 | 1 | 60 |
| Groupmobilityofschool pupils | 100 | 400 | 8 | 4 | 0 | 56 |
| Job-shadowing | 8 | 64 | 0 | 8 | 1 | 2 |
| Courses and training | 8 | 64 | 0 | 0 | 0 | 2 |

A solicitude non é vinculante nin se penaliza no caso de non poder levar a cabo todas as actividades.
No momento de presentar esta memoria estamos pendentes de recibir o convenio de subvención. O orzamento concedido para o proxecto que figura na resolución provisional
é de 57.869 €.

Vista a evolución do proxecto K122 e a magnitude do proxecto K120, faise necesario ampliar o número de campos a abarcar. A maiores dos grupos creados incluiremos un grupo para traballar de xeito específico as relacións cos socios, organizacións de acollida e stakeholders en xeral e outro grupo encargado da organización e planificación das tarefas.

### *10.14.- MEMORIA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAEXCOLARES*

A memoria que aquí presentamos, ten como principal obxectivo mostrar aosmembros da comunidade educativa do CEIP MestreVide que as actividades que se fixeron no

centro, contribuironaodesenvolvemento intelectual, social e humano dos nosos alumnos.

Ditas actividades sempre se fan con finsculturais e didácticos,senesquecer o aspecto lúdico que contribúe á formación integral do alumno, reforzan e complementan temas abordados na aula, ampliando o seu horizonte sociocultural.

Estas actividades son unha excelente forma de facer un ensino non limitado ó espacio da aula xa que se abordan aspectos educativos que normalmente non se poden tratar nunha clase ordinaria.

Empezamos o curso, como todos os anos, con distintas actividades propostas na súamaioría por Afundación. Debido a pandemia durante o primeiromes do primeiro trimestre algunas delas foron en "streaming", pouco a pouco según foi mellorando a situación sanitaria puidemos facer xa no mes de decembro saídas didácticas.
.
Tivemostamén actividades do Concello pero estas realizáronse dentro do centro e fóra de él. Os alumnos de infantil e Primaria,visitarón a biblioteca publica, a aula da natureza entre outras…..

Xa no terceiro trimestre despois de dous cursos sen normalidade, puidemos facer saídas a Coruña, Santiago, Villamarín, Marcelle e a excursión de sexto curso a Madrid.

Estamos moi satisfeitos de este curso escolar .Despois de dous anos agardando normalidade, podemos dicir que neste final de curso e trimestre puidemos acadar este obxectivo. Agardamos que o vindeiro curso poidamos levar a cabo moitas mais.

### *10.15.- MEMORIA DA FORMACIÓN DO PROFESORADO*

Ao longo deste curso académico fixéronse diversos cursos PFPP encamiñados á formación do profesorado do centro.

Os cursos desenvolvidos este ano foron:

1.- Biblioteca escolar

Participación: todo o equipo de biblioteca do centro.

Duración do curso: 50 horas.

Este curso foi encamiñado a xestión da biblioteca escolar do centro, así como a visión da biblioteca do colexio como centro motor das actividades a desenvolver no colexio. Os participantes deste curso tiveron unha asesoría externa de 10 horas feita por unha especialista na materia.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/


2.- Primeiros auxilios

Participación: 18 mestres do centro.

Duración do curso: 20 horas.

A través deste curso se informou de como actuar en primeira instancia nunha situación de emerxencia sanitaria. Os participantes deste curso tiveron unha asesoría externa de 5 horas, realizadas por unha empresa, na que se deron as instrucións básicas de como actuar en caso de emerxencia. Entre outros apartados, aprendeuse a utilizar o desfribilador do colexio.

3.- Plan dixital do centro

Participación: 12 mestres.

Duración do curso: 20 horas.

Neste curso foise creando, en colaboración co equipo TIC do centro, e coa supervisión da mentora enviada pola Xunta de Galicia, o plan dixital do centro.

4.- Novas tecnoloxías na educación II

Participación: 11 mestres.

Duración do curso: 20 horas.

Este curso foi utilizado para un coñecemento básico da aula virtual do centro e da plataforma EDIXGAL (utilizada no terceiro ciclo). Aprendeuse o uso de ferramentas básicas, así como a crear diversos materiais dixitais para o seu uso na aula.

***10.16- MEMORIA DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA***

Estivo integrada polo Director, como presidente, A Xefa de Estudios, a Coordinadora de E. Infantil, a Coordinadora dos cursos de 1º, 2º e 3º, a Xefa do Departamento de Orientación e o Coordinador do Equipo de Normalización Lingüística. Actuando como Secretaria Dª Mónica Hernán López.

Esta Comisión tivo as súas reunións, todos os 4ºs martes de cada mes, segundo consta nas actas.

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vide@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/



A Coordinadora,

## 11. APARTADO ECONÓMICO:

**HABER correspondente á diferenza entre o ingreso** do 70% do crédito asignado pola **Consellería de Cultura, Educación e O. U.** para gastos de funcionamento deste centro, e os gastos realizados durante o primeiro semestre do ano 2022
HABER 50.640,35 €.

Ourense, 28 de Xuño de 2022.

O EQUIPO DIRECTIVO

O DIRECTOR A XEFA DE ESTUDIOS A SECRETARIA

Firmado por ***3191** JUAN MANUEL REGAL (R: ****5034*) el día 30/06/2022 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016